ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

LEITE. A produción segue disparada na Galiza e comezan a reter os cartos da supertaxa ▸ 5

AGRICULTURA ECOLÓXICA. Unha labrega do SLG ante a Comisión de Agricultura ▸ 23



Cambio climático, Cara a onde vai o clima?
O quecemento global altera os traballos e os ciclos agrícolas na Galiza ▸ 6 a 10

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XL - Nº 305 - Novembro/Decembro 2014

O ACAPARAMENTO DE TERRAS NA GALIZA A DEBATE NO PARLAMENTO EUROPEO



Entre o 10 e o 11 de decembro, 55 representantes de colectivos e organizacións sociais galegas, entre as que estaba o SLG, xuntáronse na sede do Parlamento Europeo, en Bruxelas, para participar nunhas xornadas sobre o acaparamento de terras na Galiza. O encontro estivo organizado pola eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), Lidia Senra, e propiciou a posta en común de estratexias e xeitos de enfrontarse a un fenómento que cada vez se produce de xeito máis impune e que acada as máis diversas faces: dende as forestacións ilegais de terras agrarias até as expropiacións para facer obras públicas, pasando polas instalacións enerxéticas como encoros e parques eólicos, ou as desfeitas da minaría salvaxe. O evento tamén tivo unha parte formativa na que se analizaron os informes de avaliación ambiental, claves á hora de paralizar proxectos lesivos para o noso territorio. ▸ 20 a 22



As Marchas da Dignidade ocupamos o Obradoiro para esixir traballo, teito e o dereito a producirmos o noso propio pan
▸ 16 e 17

PAC. Cambio de última hora do Ministerio de Agricultura para que cobren axudas cazaprimas e absentistas ▸ 11

MONTES. Quen segue sen un instrumento de ordenación dos montes non pode pedir axudas dende febreiro ▸ 12 e 13

sindicato labrego galego
comisións labregas

Vida e repressom através de Moncho Valcarce (e 2)

por **Carlos C. Varela,** estudante de Antropoloxía e investigador

VÉN DO ANTERIOR FOUCE



DETENÇONS, TORTURA, ENCERRO...

No 14 de setembro de 1974, Moncho acode a Betanços a umha reuniom com gente do PCE(i); desconfiava *"do seu internacionalismo sem pasar polo galeguismo"*, mas por cima de todo está o tecer cumplicidades entre companheiras. A Guarda Civil deteta a reuniom e detem-nos. Três dias de isolamento na casa-quartel de Betanços, passo pola esquadra policial da Corunha, um par de semanas na prisom provincial, e dous meses de encarceramento substitutório no convento de Poio, será o saldo da operaçom. Um encerro curto comparado com outros mas, com escreveu recentemente Noam Chomsky, *"umha soa noite no cárcere. Mesmo umha soa noite é suficiente para ter umha ideia do que significa estar baixo control total de algumha força externa".*

Afortunadamente, Moncho Valcarce preocupou-se de escrever as suas sensaçons perante esta primeira experiência repressiva (à que seguirám muitas outras detençons, multas, agressons, ameaças de morte, etc), um texto valioso que contém descriçons em que qualquer ativista se reconhecerá. Lembra como perdeu a noçom do tempo durante o isolmaneto, que ressume em *"terror, anguria e medo".* Descreve isso que Garfinkel chama cerimoniais de degradaçom, quando lhe quitam todo, *"hastra os cordóns dos zapatos, unha forma sutil de despersonalización que soio comprende o que a pasa...".* Numha carta à família explica como se sente um *"quando é levando ao cárcere, onde, oh paradoxo, se encontra livre e feliz, porque sabe que ali já nom está a polícia política".*

A família, precisamente, será a sua principal preocupaçom durante todo o processo: *"Para min é mais doloroso o seu sofrimento (o da mai) que o meu sofrimento e isto fai-me sofrer duas vezes".* Numha carta à família (19/10/1974), *"Escrevo para que intentedes, desde as vossas posiçons, compreender-me"* relata-lhes como levou com serenidade a detençom, sem poupar em contar os rigores da mesma, mas:

"...quando todo isto sucede a família grita que nom se lhe dam satisfaçons, que nom quero à mamá; sente-se ofendida, indignada, furiosa... Um, depois de sofrer a maos dos carrascos do poder, sufre agora porque quer à família e sofre mais porque a família chega a pôr a um o dilema de "ela" ou "a liberdade"... Um, com medo e dor, escolhe a liberdade e continua a amar a família... É triste que o sangue comum nom intente compreender a minha obrigada postura".

No diário que escreve durante o encerro substitutório em Poio, extende-se na paradoxal libertaçom que sentiu, numhas linhas mui próximas à mística gandhiana do cárcere. Som umas das palavras mais intensas do cura das Encrovas:

"Cando se pasa polas chekas e cadeas, princípiase a vivir a liberdade... principia a ser, esto é, decatarse que as verbas, escritas ou ditas, son vento, cousa soio... Principia a ser loitador real, comprometido cos seus, con eses homes e mulleres calados e cansos, polo medo e o sangue que hai na casa dende o 36; durmidos e silandeiros, pola ben levada propaganda e polos "trunfos" imperiais, exteriorizados e difundidos nos éxitos futbolísticos, inauguracións solemnes até con bispo e auga bieita, recibimentos, masificados e notas de Gobernación: "desarticulado"... "se hizo fracasar"... "descubierto"... "minoría descontenta, pagada por los enemigos de nuestra paz"...

Cando se pasa setenta e dúas horas, poucas fora pero dentro séculos, nas chekas da paz social de candado, morte e tortura, un principia a ser outro, porque faise home galego... Principia a ser un con todos, unha man cinguida a moitas, un pico máis que lento pero con forza, derriba os firmes alicerces da "unidad sagrada", orde de Brigada político-social, xusticia do poder... A pesares dos medos, torturas e golpes, un énchese de ledicia, pois sinte aquello que escribirá Paulo: "Deixade ó home vello e revestídevos de luz". Decátase que xa é un máis para completar a liberación do Cristo, morto moitos anos pola causa da Xusticia Popular... Un síntese cheo de ledicia porque as súas naves se queiman e hai que seguir!... Un principia a ser patriota galego e crente galego!..."

Também escreve na sua cela outros textos, como as sentenças que intitula *"Cousas"*:

"O Cristián de verdade predica a xusticia e a loita, inda a armada, para conquerila. O Cristián histórico predica, non a xusticia, senón a inxusticia porque recomenda ós oprimidos ou explotados a resiñación e a paciente espera da eterna vida".

"A condena é o refuxio dos cobardes, que disfrazam o seu medo de prudencia..."

"A xusticia de carballeira é inxusticia pro poder, e a xusticia do poder é mentira pro labrego...".

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL: Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

COLABORACIÓNS Mónica Branco, Margarida Prieto, Vera Cruz Montoto, Daniel Rodicio, Samuel Formoso, Diego Sánchez, Carlos Calvo e Bernardo Estévez.

ENDEREZO Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN Xosé García Rodríguez

PECHE DE EDICIÓN 30-12-2014

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Padre Pardo 24, 1º D. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

A GOZOSA POBREZA

Quando Moncho deixou a paróquia de Sésamo a Diócese pensou em enviá-lo a algumha paróquia da Barcala, mas os curas da comarca opugérom-se: o exemplo dum crego que nom cobrava por missar romperialhes o mercado dos bens de salvaçom. A anedota dá boa conta da sua filosofia de vida. No seu diário aponta notas sobre o desprendimento das cousas materiais:

"En realidade son un pobre que xanta na casa da súa nai, se non morrería coa fame, que non ten nin sequera o comecocos da televisión e non ten cartos nin para mercar unha bicicleta; só teño unhas 15.000 pesetas na Caixa de Aforros (...) Non me queixo, estou contento así e non aspiro a mellorar nin a ter máis. Moitas vegadas digo que morrerei nun asilo, é o único ao que podo aspirar. Agora ben, pergúntome o por que desta vida pobre. Tan pobre que ata estou exento de pagar cota de militante bloqueiro (...) A única propiedade egoísta son os libros; que a veces remórdeme a conciencia; veñen ser como o meu capital, e iso non está ben". (9/2/1983).

Esta pobreza voluntária nom se pode deslindar dum profundo gozo de viver. Durante um retiro espiritual em Poio, onde estivera preso, plasma no seu diario esta alegria franciscana. É um texto tam belo que merece ser reproduzido em extenso:

"A vida é mui sinxeliña, é VIDA. Os cativos enténdeno, rin e choran, xogan cun pao e teñen unha fantasía marabillosa, que logo matamos; eiquí todo é morte, no altar dos sacrificios, isto é o CONSUMISMO, que hastra inventa xoguetes que se din didácticos ou pedagóxicos... Outros que tamén o entendem son os vellos, os que viven ao aire e cumpren unha misión, que son útiles pero que tamén sacrificamos nos altares considerándoos uns estobos... encerrámolos nos asilos ou residencias, para que non molesten e non sexan unha nota desafinada nun mundo de xuventude, de virilidade, acción... ou pechámolos nun cuarto da nossa casa e tirámoslles a comida suspirando: cando morrerá!

Por que non intentamos VIVIR? Un soño bonito e nada máis. Pra facelo realidade tiñamos que poñer unha bomba que estoupara o mundo... Deixemos as maldades, rencores, desconfianzas, incomprensións, competitividade, espírito de medra, ser máis, máis... Moi bonito e nada máis...

Xa nin temos capacidade para mirar un paxaro dando pases de balet, escoitar o espertar da terra ao amencer, ulir os campos despois do trebón, gozar co sal do mar unida á nosa carne, admirarse polas figuras de fume da cheminea dunha lareira... Xa nin sabemos rir, cantar, gozar das cousas pequenas... Xa nin sabemos soñar... Xa nin temos ideais que nos manteñan vivos neste mundo de mortos, desolación, neste mundo de selva, de odio, de veneno...

(...) Cantas veces, tamén, deixo que a chuvia me empape; sinto pracer e poño a cabeza cara a ela. Non foi unha, senón moitas veces, quedarme parado cos brazos abertos e a cara mirando pro ceo. Non llo digo a ninguén, porque xa sei a súa resposta: "Estás borracho"; pero cando estou borracho cabréame si me mollo...

Ás veces, -mellor dito, sempre-, cando fago estas cousas teño vergoña de que alguén me vexa. Cantas veces me deito espido cara ao sol, e sinto un gran pracer, unha tranquilidade total, un encherse de ledicia, que fai que cambie, aínda que faga cousas mal... Cantas veces collo nas miñas inútiles mans terra e xogo con ela, deixo que pouco a pouco escoe por entre os dedos, volvo a coller outros puñado e boto ó aire; logo, como un cativo, río feliz... Sinto unha felicidade con estas cousas que non podo expresar, que si se enteira a xente, tómame por tolo ou borracho, ou como dirían hoxe "emporrado"...

(...) Quero seguir sendo así, porque neses momentos a longa noite de dúbida, de permanente busca, desaparece, e todo é luz..." (Diário dum retiro a Poio, maio de 1980).

Com certeza Moncho Valcarce suscreveria a definiçom spinoziana da felicidade, que *"nom é um premio que se outorga à virtude senom a virtude mesma, e nom gozamos dela porque reprimamos as nossas concupiscencias, senom que, ao contrário, podemos reprimir as nossas concupisciências porque gozamos dela"* (Ética, Parte V, Prop. XLII).

De facto Moncho Valcarce mantém-se céptico perante o ideal de "renuncia", e prefere a de "autosuficiencia", tal e como escreverá durante uns exercícios espirituais em Ponte d'Eume, em 1983.

A GRANDE SEPARAÇOM

Hoje fala-se muito da política como âmbito cindido da vida, como ausencia de si; da militancia –mesmo a mais radical e consequente- como profilático da crise da presença, como muleta existencial. A vida sempre fica às portas da assembleia. Pola sua dupla condiçom de crego e militante, duas facetas para ele indiscerníveis, Moncho abordava na sua vida quotidiana este malestar da política como esfera cindida, procurando umha revoluçom integral:

"Cando cheguei a Sésamo púxeme a traballar cos vecinos; que se a sacha do millo, que se poñer ou apañar nas patacas, que se traballar nas toradas... Xa dicían os veiños: "Boeno, agora xa non podemos dicir que ningún crego morreu ao caer dun Piñeiro". Pero todo o fixen para cargarme a figura desclasada do abade; que viran que eu, un crego, de boa familia, como se di, abogado para colmo, era ou tiña que ser coma eles. A idea era boa, máis a intención torta, pois fallaba a caridade, o amor ou Un. As loitas das Encrobas, Baldaio, Fruime e outras mais, con cadea e tortura, foron para axudar a ir conquerindo parcelas de poder popular. Está ben a loita pola xustiza, pero non fallaba a idea política, moi clara onte, hoxe e mañá, en min fallaba o AMOR ao UN, como continua a fallar ó ser moi feble".
(9/2/1983)

DOENÇA FINAL

Diario íntimo da doenza final é a estremecedora crónica dos últimos dias do cura das Encrovas, o seu testamento teológico-político. Aí estám as suas últimas críticas a este mundo, à modernizaçom selvagem, aos que querem *"mercar ferrados de ceo"*, ou à ditadura do dinheiro *"No cambio, ata o suxire a verba, o valor supremo, fin absoluto da existencia: ¡o diñeiro! E o país convértese nun gran casino..."* Moncho aguarda a morte com umha valentia admirável, e mesmo afirma que *"Ben espremida, pasada polo batedor, a doenza é rica en vitaminas"*.

Um dos seus últimos apontamentos no dia de Reis de 1993 é de reafirmaçom no seu compromisso: *"engano; para convencer que hai que arar coma todo o mundo; "deixa a idea da busca e compórtate coma a xente normal", "así non vas a ningures". Intentan convencer enganando, pola envexa da súa coraxe".*

Nas palabras finais chama polo abraço telúrico: *"Eu quero ir à terra, xuntarme coa naiciña terra; non quero nicho: esa cova escura, tapiada con cemento e mármore, dáme noxo. A terra é a nosa irmá, pisámola, camiñamos por ela, dáno-lo sustento, de cativos xogabamos con ela... estamos de cotío en contacto. Non hai dereito a que ó morrer non separen e nos irmanden co cemento frío e impersoal".*

Na Terra Ancha,
7 de abril de 2014

BIOGRAFÍA CITADA

Todas as referências do texto procedem destes dous libros, traduzidos quando venhem em castelhano, e tal e como as escreveu Moncho Valcarce quando o fijo em galego.

VALCARCE, Moncho. *Revolucionario e místico. Diario íntimo de doenza final.* Santiago de Compostela, Encrucillada, 1994.

PÉREZ PRIETO, Victorino (ed.) *Moncho Valcarce un símbolo para Galiza. Diarios inéditos e outros textos*, Trifolium, 2010.

EDITORIAL

PAC/PDR: Unha estafa de 40.000 millóns para a agricultura e o desenvolvemento rural

O 19 de decembro, o Consello de Ministros e Ministras consumaba un reparto dos fondos da Política Agraria Común (PAC) para o Estado Español que seguirá a permitir unha das maiores estafas e fraudes xamais perpetrados pola nosa clase dirixente (ver páxina 5 deste Fouce). E é que, unha vez máis, a inxente cantidade de cartos que reparte a PAC volverá engrosar as contas bancarias, de xeito maioritario, de terratenentes, caza-subvencións, absentistas e, en menor medida, de labregos e labregas. Estamos a falar de 35.705 millóns de euros da PAC que se repartirán até 2020, no Estado Español, entre 900.000 persoas ou entidades beneficiarias, cando a nivel estatal só hai 350.000 profesionais que cotizan na Seguridade Social Agraria.

A medida resulta insultante para Galiza, onde sectores estratéxicos da nosa agricultura, como a horta ou o viñedo, non van levar nin un céntimo de axudas. En canto ás persoas e entidades que si perciban estas axudas, o Ministerio de Agricultura repartirá os cartos da PAC dun xeito semellante ao que veu facendo até o de agora. Con datos de 2011, segundo o informe *"Unha PAC para o 1%"* de Veterinarios sen Fronteiras, o 16% das persoas ou entidades beneficiarias da PAC quedaron co 75% dos máis de 5.000 millóns que se repartiron. En concreto, o 0'4% das beneficiarias, pouco máis de 3.500, cobraron máis de 100.000 euros en axudas. Entre estas afortunadas, empresas como Zumavesa (17 millóns), Ebro Foods (máis de 7 millóns), Pastas Gallo (14'7 millóns), Grupo Siro (fabricación de galletas, 7'1 millóns) ou Nutrexpa (5'5 millóns); ou familias como a Casa de Alba (máis de 2 millóns), Mora-Domeq (máis de 8 millóns), Osuna García (1 millón), ou a propia Micaela Domeq, esposa do ex-ministro Arias Cañete, que ten percibido até 400.000 euros da PAC[1].

Algo semellante acontecerá co reparto dos 8.291 millóns de euros para desenvolvemento rural que, coma sempre, poderán ir para proxectos do máis diverso que, decotío e de maneira fraudulenta, pouco ou nada teñen que ver coa agricultura ou a produción de alimentos. O caso galego está a ser o máis sangrante, despois de que Bruxelas rexeitase o Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR) presentado pola Xunta para xestionar os 890 millóns de euros que lle corresponden ao noso país nese período, a razón de 127 millóns por ano. Un dos motivos de que a Unión Europea abortase o PDR galego xa o denunciou o SLG a finais do verán: non ter chegado a un consenso coas organizacións agrarias e axentes de desenvolvemento rural para fixar os criterios de distribución dos cartos.

O certo é que a Consellaría de Medio Rural convocounos ás organizacións agrarias con só 2 semanas de antelación antes de enviar o PDR a Bruxelas, sen darnos tempo a facer achegas que, así e todo, dende o SLG fixemos. En calquera caso, Medio Rural ignorou as nosas suxestións e limitouse, probablemente, a un "copia e pega" do PDR 2007-2013, presentando unha serie de liñas de actuación inconexas, sen unha estratexia cuxo obxectivo sexa o desenvolvemento rural na Galiza[2].

Quen máis está a sufrir o reparto inxusto do PDR son as explotacións gandeiras que sobreviven en zonas desfavorecidas, xa que, aínda que terán dereito a percibir subvencións, a nosa Consellaría de Medio Rural teima en eliminar as axudas á cría de razas de gando autóctonas, ou en recortar as Indemnizacións Compensatorias de Montaña, ambas dependentes do PDR e esenciais para estas granxas que teñen todo en contra en bisbarras onde a súa actividade profesional é a única que mantén o territorio habitado, xestionado e con vida.

Todos e todas sabemos que o noso medio rural leva décadas sumido nunha fonda crise, cada vez máis despoboado e cada vez con menos servizos que o fagan habitable. Unha crise que se fundamenta na reconversión e desmantelamento do seu principal motor económico: a produción de alimentos en base a granxas labregas e familiares que se está a sacrificar en aras dunha absurda modernidade que, dende a cuadriculada visión da nosa clase política, obedece só a un modelo de explotación intensiva e insostible da terra, do gando e dos montes. No Sindicato Labrego Galego sabemos que vai ser moi difícil virar esta situación e que os cartos da PAC e do PDR non son suficientes para facelo; pero, sen dúbida, ese diñeiro podería ser un poderoso incentivo se o utilizasen para financiar os seus obxectivos fundamentais: a agricultura e o desenvolvemento rural. Por desgraza, semella que nin o Ministerio de Agricultura nin a Consellaría de Medio Rural están interesadas en facer nin unha cousa nin a outra. Dado que o Ministerio de Agricultura se preocupou de facer case irreversible este cambio de última hora na PAC, ao introducilo nun dos últimos Consellos de Ministros e Ministras celebrado antes de que cobre vixencia a orde ministerial na que se circunscribe; agardamos que, cando menos, a Consellaría de Medio Rural faga os deberes que lle manda Bruxelas e convoque ás organizacións que representamos aos labregos e labregas de Galiza para, en conxunto, deseñarmos un PDR 2014-2020 que realmente sirva para apoiar aos nosos principais sectores produtivos.

[1] www.sindicatolabrego.com/index.php?s=34&i=996 (Fouce 300, páxinas 14 a 17)
[2] www.sindicatolabrego.com/index.php?s=34&i=1050 Fouce 303, páxinas 15 a 17)



SECTOR LÁCTEO ▸ As estimacións do Ministerio de Agricultura apuntan a que máis de 5.000 produtores e produtoras da Galiza superarán a súa cota láctea asignada

A produción de leite segue disparada e a supertaxa comezará a cobrarse en xaneiro

As autoridades confirmaron que as explotacións que se pasen deberán abonar 27'83 céntimos por cada litro producido de máis

O secretario xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio, Carlos Cabanas, asegurou que non haberá ningunha amnistía e ningún tipo de perdón ás explotacións que superen a súa cota láctea asignada. "Se superamos a cota leiteira no Estado, cobraráselle a tódolos gandeiros e gandeiras a cantidade producida a maiores da súa cota", asegurou Carlos Cabanas. O secretario xeral de Agricultura tamén aclarou que a supertaxa comezará a cobrarse a partir de xaneiro de 2015.


Polo demais, no mes de setembro, na Galiza volveu incrementarse a produción con respecto á campaña pasada en 6.285.000 quilos máis, o que supón un aumento do 3'3%. A tendencia seguiu en outubro, cun incremento de 6.590.000 quilos con respecto ao mesmo mes de 2013, o que implica un 2'7% máis.

Unha das estimacións do Ministerio de Agricultura apunta que das 9.908 produtoras e produtores de leite na Galiza, 5.532 (o 56%) superarán a súa cota asignada e terán que pagar 27'83 céntimos por cada litro producido de máis. De seguirmos coa tendencia dos últimos meses, Galiza podería producir na presente campaña 241 millóns de quilos de máis, co que excedería nun 10% a súa cota de 2.400.000 toneladas, o que suporía máis de 67 millóns de euros de supertaxa para as nosas explotacións.

Polo de agora, e cos datos de outubro, na presente campaña Galiza leva producidos case 88 millóns de quilos máis que na campaña 2013/2014 polas mesmas datas.

■ Os prezos can por baixo dos 30 céntimos

Os prezos do leite volveron experimentar unha nova baixada en outubro, último mes do que a Consellaría de Medio Rural publicou referencias. Aínda que o valor medio na Galiza foi de 32 céntimos por litro, como xa advertimos noutros Fouces trátase dun dato enganoso. Os prezos máis baixos estiveron nas explotacións con menos de 300.000 quilos de cota, cunha media por baixo dos 31 céntimos; e nas que teñen menos de 100.000, que cobraron ao redor dos 29 céntimos. Con datos de 2011, estas explotacións ascendían a 10.403, o que supón o 82'5% das granxas leiteiras da Galiza. A día de hoxe, o máis probable é que o meirande destas explotacións estea a cobrar o leite por baixo dos 30 céntimos,, moi lonxe dos 40 céntimos que cobra de media unha granxa andaluza ou dos 37 céntimos a que se paga o leite en Navarra e A Rioxa.



CAMBIO CLIMÁTICO ▸ Froiteiras que florecen en outono, aumento das pragas, asolagamentos que botan a perder sementeiras e colleitas, ou xeadas serodias que arrasan os cultivos. Son síntomas do quecemento do planeta, un fenómeno global debido á contaminación por CO_2 do que a Galiza labrega non escapa.

Cara a onde vai o clima?

Hai un ano, no mes de Nadal, varios temporais con ventos de até 185 km/hora e chuvias que roldaban os 140 litros por m^2 asolaban Galiza e provocaban importantes estragos nas granxas de moitas comarcas. Foi o remate dun ano que veu precedido por fortes impactos na agricultura e na gandería provocados polo exceso de choivas nas principais épocas de sementeira e colleita, e por secas que minguaron notablemente a produción de forraxes para o gando no noso país (Fouce 300). Este outono, as altas temperaturas unidas á humidade ambiental favoreceron a aparición de pragas na nosa horta como a avelaíña do tomate, a araña vermella, o mildiu ou cladosporium (Fouce 303).

Aínda que sempre houbo fenómenos meteorolóxicos extremos, nos últimos anos estes semellan ser moito máis frecuentes e intensos. A isto habería que engadir irregularidades nos ciclos do clima, como choivas e secas a destempo ou o aumento xeneralizado das temperaturas. Todo este caos está directamente relacionado co quecemento global do planeta debido, sobre todo, a emisións contaminantes de dióxido de carbono (CO_2) que veñen, fundamentalmente, da queima de combustibles fósiles.

Pero, ¿en que consiste o cambio climático que sofre Galiza? Hai evidencias científicas que o demostren? Pois, si. Habelas, hainas. As medicións das diversas estacións meteorolóxicas do país demostran que as temperaturas están a medrar de xeito continuado dende mediados do século pasado; en concreto, 0'18º C por década no período 1961-2006. Esa media disparouse a partir de 1972, ano a partir do cal o incremento térmico duplícase e pasa a ser de 0'36º por década. As previsións apuntan a que, a mediados do presente século, a temperatura media galega teña aumentado 1'5º C.

Outro factor que constata o quecemento do noso clima é a diminución dos días de neve. Tamén diminuíron os días de xeada, atrasándose as datas nas que se dan as primeiras e adiantándose os días en que se rexistran as últimas. Respecto das choivas, nos últimos anos rexistrouse unha diminución das precipitacións en febreiro e un aumento en agosto. Isto en si, non é moi significativo. O dato que está a ter unha grande importancia nos rendementos agrarios, é o claro aumento dos episodios de choiva intensa en agosto e outubro. Deste xeito, agora os outonos son máis chuviosos e os invernos menos húmidos, sobre todo polo descenso de precipitacións en febreiro. Tamén diminuíron as choivas en primavera.



Antano, as cegoñas emigraban a África en outono para pasar o inverno en climas cálidos, e regresaban a Europa en primavera. Agora, moitas xa non emigran porque non senten frío abondo para facelo. Esta imaxe dunha bandada de cegoñas en pleno mes de decembro na Limia dá fe do aumento das temperaturas na Galiza (imaxe tomada por Samuel Formoso)

O adianto da floración deixa os cultivos expostos ás xeadas serodias

Como ben vimos, o aumento progresivo das temperaturas, ou o cambio nos ciclos das choivas, cun aumento das precipitacións de maior intensidade, xa está a ter un efecto perceptible no noso agro que se irá agudizando nas vindeiras décadas.

En primeiro lugar, o meirande dos nosos cultivos agrícolas, de horta e froiteiros están a ver incrementado o período existente entre a saída das follas, que agroman antes, a floración, a maduración dos froitos e a caída das follas, que está a ser máis tardía. Isto varía en función do cultivo ou da comarca. Por exemplo, diversos estudios baseados en medicións feitas nos últimos trinta anos, constataron que o millo atrasou a súa época de sementeira nunha semana ou máis, mentres que se adiantou a floración e a maduración do froito entre tres e catro semanas. Algo semellante aconteceu coa pataca, que nalgunhas zonas adiantou a súa floración nun mes e medio con respecto a hai trinta anos.

Un dos posíbeis efectos prexudiciais deste adianto da floración está a ser a exposición das flores a xeadas serodias e vagas de frío, que cada vez se deixarán sentir máis en cultivos como os froiteiros. As previsións tamén apuntan a que aumentarán as necesidades de auga entre un 7% e un 8% nos vindeiros anos, e que o ascenso térmico terá efectos prexudiciais na conservación de materia orgánica no solo. Respecto disto último, agárdase unha perda entre 50 e 400 quilos de humus por hectárea e ano.

SEGUE ▸

O quecemento favorecerá as pragas e ampliará as zonas aptas para viñedo

Un dos efectos máis adversos que cabe agardar do cambio climático, e que xa se está a empezando a notar, é que se están a alterar os ciclos vitais das enfermidades nas plantas: muda a distribución xeográfica dos patóxenos, aumenta a súa incidencia e severidade e varía a eficacia dos tratamentos.

Así, o aumento da temperatura invernal fará que sobrevivan máis fungos, bacterias, nematodos fitopatóxenos e insectos que transmiten virus, sendo as epidemias máis temperás e aumentando a severidade das enfermidades. Como xa comentamos ao comezo da reportaxe, este ano tivemos serios problemas coa avelaíña do tomate (tuta absoluta) e a araña vermella; e tamén co mildiu, que se veu favorecido pola combinación de humidade e calor.

No lado positivo, cultivos como o vitícola poderían verse favorecidos, xa que o adiantamento das vendimas diminuirá o risco das choivas intensas que se poden producir en setembro, e a mingua do período de xeadas tamén será positiva. De feito, o quecemento fará que as zonas aptas para o cultivo de viñedo aumenten na Galiza, e que as xa existentes poidan abrirse ao cultivo doutras castes que poderían redundar na calidade dos nosos tintos. Sen embargo, tamén podería haber certas repercusións negativas para unha das castes máis emblemáticas da nosa viticultura como a Albariño, xa que o aumento de temperaturas pode facer que cheguemos ou superemos o máximo térmico idóneo para esta uva, de maneira que se perdan calidades organolépticas nos viños resultantes.

Na Vía Campesina apostamos pola agroecoloxía no Cumio dos Pobos

Entre os días 8 e 11 de decembro, celebrouse en Lima (Perú) o Cumio dos Pobos fronte ao Cambio Climático. Este foi un espazo de diálogo e acción da sociedade civil de todo o planeta no que tivo un gran protagonismo a Vía Campesina. O Cumio dos Pobos desenvolveuse como alternativa paralela á Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP20) que tivo lugar tamén na capital andina do 1 ao 12 de decembro.

Un dos momentos culminantes deste Cumio dos Pobos foi a grande manifestación do 10 de decembro, onde miles de persoas encheron as rúas de Lima para denunciar as falla de compromiso dos diversos estados e institucións internacionais, como a ONU, para pór couto ao quecemento global debido, sobre todo, á presión de multinacionais como as petroleiras ou as químicas, interesadas en seguir contaminando para manter as súas contas de beneficios

No Cumio dos Pobos, dende a Vía Campesina denunciamos o concepto de Agricultura Climaticamente Intelixente (ACI), termo que está a poñer de moda a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) como solución para garantir a produción de alimentos e para facer que a agricultura deixe de ser unha das principais fontes de produción de CO_2 no planeta e, polo tanto, unha das causantes do quecemento global.

Aínda que, aparentemente, esta ACI semella positiva, dende a Vía Campesina advirten que "en esencia, trátase dun proxecto para trocar o nome da agricultura industrial, denominándoa climaticamente intelixente. A ACI tenta borrar de xeito deliberado os límites entre a soberanía alimentaria agroecolóxica, controlada por labregos e labregas, e a agricultura controlada por corporacións. Non recoñece que é, precisamente, o sistema alimentario corporativo o que crea as emisións de dióxido de carbono, nin recoñece a necesidade urxente de afastarse deste sistema para orientarse cara a unha agroecoloxía baseada no campesiñado para resolver a crise climática. A ACI pon a agricultura en mans do agronegocio (...) Monsanto afirma que a agricultura transxénica é climaticamente intelixente porque favorece unha agricultura sen labor e a tolerancia ás secas".

Fronte a esta Agricultura Climaticamente Intelixente, dende Vía Campesina apostamos pola agroecoloxía que, ademais de producir alimentos con emisións mínimas de dióxido de carbono, contempla un concepto para a agricultura hoxe moi necesario: a resiliencia. A resiliencia é a capacidade que temos de superar situacións críticas e saírmos delas máis fortes. "A incerteza sobre o aumento das temperaturas, os patróns erráticos das precipitacións, as secas e a aparición de pragas e enfermidades esixen unha agricultura resiliente", mantén a Vía Campesina, "así como un sistema de produción de alimentos que apoie a transferencia de coñecemento local e a experimentación en explotacións que permita aumentar a capacidade de adaptación dos labregos e das labregas".

"Os sistemas de produción ecolóxicos son o mellor exemplo dunha agricultura cun nivel baixo de emisións. Os sistemas ecolóxicos son máis resilientes cós industriais en canto á súa capacidade para superar choques e estrés medioambientais como secas e inundacións. A agricultura convencional produce un alto nivel de emisións de dióxido de carbono debido ao uso excesivo de combustibles fósiles, e destrúe a biodiversidade. Na agricultura, o reto é enfocar cara a modelos de produción agroecolóxica, a cal reduce de xeito drástico o uso de combustibles fósiles, presenta un enorme potencial de mitigación a través do rexuvenecemento do solo, a flora e a fauna, e ten a flexibilidade e a diversidade necesarias para poder adaptarse ás condicións cambiantes. Na práctica, a agricultura pode contribuír a arrefriar o planeta de tres maneiras: primeiro, reducindo o uso de combustibles fósiles minimizando ou eliminando a produción de fertilizantes e pesticidas sintéticos e químicos, e diminuíndo o seu uso en transportes e maquinaria; segundo, exercendo un efecto positivo sobre a biodiversidade; e, terceiro, retardando a liberación de dióxido de carbono biótico".

SEGUE ▸



Organizacións sociais de todo o mundo fixeron un cumio alternativo en Lima (Perú), fronte á Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP20)


Como contribúe o sistema alimentario agroindustrial á crise climática

Outras emisións de gases con efecto invernadoiro non relacionadas coa alimentación:

43-56%

Deforestación: 15-18%


Antes de comezar a plantar, as escavadoras desmontan. En todo o mundo, a agricultura industrial métese nas sabanas, nos humidais e nos bosques, roturando enormes cantidades de terra. A FAO di que espandir a fronteira agrícola é responsable do 70-90% da deforestación mundial, da cal non menos da metade acontece por producir unha morea de mercadorías agrícolas de exportación. A agricultura industrial é responsable entre o 15 e o 18% das emisións de gases de efecto invernadoiro pola deforestación que promove.



Procesos agrícolas: 11-15%

É común recoñecer que os procesos agrícolas en si mesmos contribúen co 11-15% de tódolos gases de efecto invernadoiro producidos globalmente. O meirande desas emisións resultan do uso de insumos industriais -fertilizantes e praguicidas químicos-; da gasolina para poñer a andar tractores e maquinaria de irrigación; e do exceso de excrementos e zurros xerado pola cría intensiva de animais.





Transporte 5-6%



O sistema alimentario industrial actúa como unha axencia mundial de viaxes. Os ingredientes empregados nos pensos animais poden cultivarse en Arxentina para alimentar polos que son exportados de Chile a China para ser procesados e eventualmente consumidos nun McDonald's en Estados Unidos. Moita da nosa comida, producida en condicións industrias en lugares afastados, viaxa miles de quilómetros antes de chegar ao noso prato. Podemos calcular (de xeito conservador) que o transporte de alimentos é responsable dunha cuarta parte das emisións de gases de efecto invernadoiro relacionadas co transporte, é dicir, entre o 5 e o 6% do total de emisións globais de gases de efecto invernadoiro.

Refugallos 3-4%

O sistema alimentario industrial desbota case a metade de toda a comida que produce. Vaina tirando na longa viaxe das fincas aos almacéns intermediarios, entre estes e as procesadoras, até chegar ao comercio e á venda polo miúdo e restaurantes. Moito dese refugallo apodrece en moreas de lixo, producindo cantidades industriais de gases con efecto invernadoiro. Entre o 3'5 e o 4'5% das emisións globais de gases de efecto invernadoiro proceden dos refugallos, e máis do 90% destes prodúcenos materiais e substancias orixinadas no sistema alimentario.



Refrixeración e venda polo miúdo. 2-4%

A refrixeración é o piar dos modernos sistemas globais para procurar e distribuír alimentos en supermercados e cadeas de comida lixo. Onde queira que vaia o sistema alimentario industrial, aí tamén vai a cadea de frío. Se a refrixeración é responsable do 15% do consumo de enerxía a nivel mundial, e dado que as fugas dos refrixerantes químicos son unha fonte importante de gases de efecto invernadoiro, podemos dicir que a refrixeración dos alimentos dá conta do 1-2% de tódalas emisións de gases con efecto invernadoiro. A venda polo miúdo de dita comida dá conta do outro 1-2%.

Procesamento e empacado. 8-10%

Procesar é un paso sumamente rendible da cadea alimentaria industrial. A transformación dos alimentos en pratos listos para consumir ou bebidas require unha enorme cantidade de enerxía, sobre todo en forma de carbono. O mesmo acontece co empacado e o enlatado dos alimentos. Procesar e empacar permiten á industria alimentaria encher os andeis dos supermercados e das tendas con centos de formatos e marcas diferentes, o que xera unha enorme cantidade de emisións de gas con efecto invernadoiro: entre o 8 e o 10% das emisións totais.



A soberanía alimentaria: 5 pasos para arrefriar a Terra e alimentar a xente


1. Coidar o solo.


A ecuación alimentos/clima ten a súa raíz na terra. A expansión de prácticas agrícolas insostibles conduciunos, ao longo do século pasado, a destruír entre o 30 e o 75% da materia orgánica das terras arables, e o 50% da materia orgánica en pasteiros e praderías. Estas perdas masivas de materia orgánica son responsables de entre o 25 e o 40% do exceso actual de CO_2 na atmosfera. Sen embargo, este CO_2 na atmosfera podemos devolvelo ao solo se restauramos as prácticas que as comunidades labregas mantiveron durante moitas xeracións. Se a nivel mundial existisen políticas correctas e incentivos axeitados, poderíanse recuperar os niveis de materia orgánica que existían no solo antes da chegada da agricultura industrial nuns 50 anos. Isto compensaría un 24-30% de tódalas emisións actuais de gases de efecto invernadoiro.



2. Cultivo natural, sen químicos.

O emprego de químicos nas granxas industriais non para de medrar, e os solos esgótanse ao tempo que as pragas e as malas herbas se volven inmunes e resistentes a pesticidas e herbicidas. Sen embargo, os labregos e labregas manteñen os seus saberes en todo o mundo e unha diversidade de cultivos e animais para traballar produtivamente, sen utilizar químicos. Diversifican os seus sistemas con policultivos, integran a produción agrícola e animal e incorporan árbores e vexetación silvestre. Estas prácticas aumentan o potencial produtivo da terra porque melloran a fertilidade dos solos e evitan a erosión. Cada ano aumenta a materia orgánica acumulada no solo, o que fai posible producir máis e máis alimentos.






3. Reducir a quilometraxe e centrarnos nos alimentos frescos

A lóxica corporativa que transporta alimentos por todo o mundo e de regreso, non ten sentido dende ningunha perspectiva. Este comerciar global que vai do desmonte de vastos corredores de terra e bosque para producir materias primas agrícolas de exportación á venda de alimentos conxelados nos supermercados, é o principal responsable das emisións de gases de efecto invernadoiro procedentes do sistema alimentario. Este sistema podería reducir as súas emisións de gases se a produción alimentaria se reorientase cara aos mercados locais e alimentos frescos, afastándose da carne barata e da comida procesada.

4. Restituír a terra aos labregos e labregas e frear as mega-explotacións



Nos últimos cincuenta anos, uns 140 millóns de hectáreas -extensión equivalente a toda a superficie agrícola da India- foi acaparada por catro cultivos que, sobre todo, medran en enormes plantacións: soia, palma aceiteira, colza e cana de azucre. A área global onde sementan estes cultivos (e outros coma o millo para fins industriais), que son todos importantes emisores de gases con efecto invernadoiro, medrará se non mudamos as políticas alimentarias. Hoxe, os labregos e labregas que teñen que conformarse e compartir con menos da cuarta parte da terra agrícola, seguen a producir o meirande dos alimentos do mundo: o 80% da comida dos países non industrializados, segundo datos da FAO. Os labregos e labregas producen estes alimentos con moita maior eficiencia que as grandes plantacións e con métodos moito mellores para o planeta. A redistribución mundial das terras en beneficio de labregos e labregas pode reducir as emisións de gases con efecto invernadoiro á metade nunhas cantas décadas, se a combinamos con políticas para reconstruír a fertilidade do solo e fomentar o comercio local.

5. Non máis falsas solucións, vaiamos ao que si funciona

Cada vez se recoñece máis que os alimentos son centrais para o cambio climático. Informes recentes e os cumios internacionais admiten que os alimentos e a agricultura son axentes importantes de emisións de gases con efecto invernadoiro e que o cambio climático implica tremendos retos para a nosa capacidade de alimentar unha poboación global crecente. Sen embargo, hai unha nula vontade política de desafiar o modelo dominante de produción e distribución industrial de alimentos: os gobernos e as corporacións seguen propoñendo falsas solucións. A casca baleira da agricultura climaticamente intelixente non fai senón lembrarnos a Revolución Verde. Hai novas e arriscadas tecnoloxías como os cultivos transxénicos para resistir a seca ou proxectos a grande escala de xeoenxeñería. Hai mandados para producir agrocarburantes, o que impulsa máis acaparamentos de terras no sur. Están os mercados do carbono e os proxectos REDD+1[1], cuxa esencia é permitir que os peores transgresores e contaminadores con gases de efecto invernadoiro eviten a redución das súas emisións convertendo os bosques e as terras agrícolas dos labregos e das labregas en parques de conservación e plantacións. Ningunha destas solucións pode funcionar porque todas traballan contra a única solución efectiva: facer unha viraxe do sistema agroalimentario industrial gobernado polas corporacións, aos sistemas alimentarios locais que están en mans das comunidades labregas.



[1] O dióxido de carbono é un dos principais gases de efecto invernadoiro que provoca o quecemento global. Xérase, principalmente, polas industrias dos países ricos. O Protocolo de Kioto estableceu un límite por país para producir CO_2; o problema é que os países ricos comercian cos bonos de carbono asignados para que a súa industria poda seguir contaminando. En canto á redución de emisións por degradación e deforestación (REDD+), consiste en reducir a deforestación e mellorar a conservación das reservas forestais e promover un manexo sostible dos bosques, xa que contribúen a almacenar o carbono.


Mari Luz Cadahía e
Olga Otero, Arcos (Chantada)

“Os cambios bruscos de temperatura fan que as vacas teñan máis mamites”

Mari Luz e Olga son veciñas e viven na parroquia de Arcos, en Chantada. A ningunha das dúas lles foi ben este ano coas súas hortas. “O mildiu comeuno todo”, seica, “nin con fitosanitarios salvamos a colleita. Só tivemos algo de pemento e remolacha”, quéixase Mari Luz. Tampouco se deu este ano o tomate, que “quere calor e non estes cambios bruscos de temperatura e excesos de auga”. En canto ás froiteiras, andan desorientadas: Mari Luz ten un maceira que floreceu a finais de outubro e botou froito en novembro, mentres que Olga tiña unha cerdeira con flores en pleno mes de decembro. Pola contra, “o exceso de choivas deu máis herba e millo para o gando”.

E é que en Arcos o tempo xa non é o que era. “Antes, no verán viñan trebóns, pero non facía frío” recorda Olga. “A diferenza é que agora, cando chove no verán, tamén vai frío. Estes cambios bruscos de temperatura tamén lles afectan ás vacas, que teñen máis mamites”.

“Co aumento da choiva en primavera temos problemas para ensilar”

Xesús María Vigo, que ten unha granxa de leite en Goá (Cospeito), aínda lembra o verán de 2013, no que “houbo unha mala colleita de millo por mor da seca, xa que non choveu case nada en todo o verán”. Para compensar, o exceso de precipitacións estivais fixeron de 2014 un ano bo. E é que o tempo “vén todo fóra de sitio”, afirma Xesús. Nótase, por exemplo, na primavera, pois “agora chove de máis e temos dificultades para ensilar a primeira corta. Como estamos na Terra Chá, tamén temos problemas co asolagamento das fincas; isto agravouse co aumento das choivas intensas. Antes a auga viña máis repartida, agora vén toda xunta”.

A esta conversa únese Adolfo Cabarcos, que ten unha explotación de vacún de carne en Xermade, para lembrar que “canda nenos, íamos á escola camiñando por riba do lazo, pero agora levamos tres invernos sen pisar xeo. Antes contabas con xeadas en decembro e xaneiro; agora non as hai, pero pode vir unha tardía que che estraga todo”.


Adolfo Cabarcos e Xesús Vigo,
Xermade e Cospeito


María Pardo Barbeito,
As Encrobas (Cerceda)

“Os tomates non teñen calor para madurar e mesmo mudaron de sabor”

María ten unha explotación de horta nas Encrobas (Cerceda). Dende hai anos, o clima está cambiando tamén alí: “Antes, os veráns eran máis quentes e máis longos; agora, no verán chove con frecuencia e non vai tanta calor. Iso afecta moito ao meu traballo, pois os cultivos dánse peor”.

Neste senso, hai que destacar os tomates, que “non teñen calor abondo para que maduren todos, perdendo parte da colleita. Mesmo mudaron de sabor: semella que saben máis a auga e estamos a ter problemas para comercializalos”. “Tamén nos prexudican as choivas intensas”, quéixase María, pois “fan que haxa máis humidade e podremia, aumentando enfermidades como a botrite e o mildiu, o que che obriga a dar máis tratamentos”.

O exceso de humidade e aumento das temperaturas tamén se deixan notar “en que medran máis as árbores, o que nos obriga a facer máis podas, e a herba, o cal está a ser beneficioso este ano para as explotacións gandeiras”.

“As temperaturas extremas de 40º C no verán queiman os nosos cultivos”

Samuel ten unha explotación de vacún de carne e cultiva cereais para os becerros. Un dos indicadores do cambio climático na Limia para el son as cegoñas. “Xa avanzado o outono, vemos grandes bandadas, cando nesta época xa emigraran é só dabas visto algunha illada. En canto aos cultivos, onde máis se nota é nos cereais de inverno. Antes os invernos eran máis fríos e menos húmidos, agora as leiras empozan e apodrece o cereal, polo que en troques de sementar centeo de inverno, sementamos trigo de primavera”. No verán tamén se nota, “con temperaturas extremas superiores aos 40ºC que queiman os cultivos se non tes regadío”.

En canto ao gando, “outro problema que se está agudizando é o das moscas no verán. Cando paren as nosas vacas, que están en semi-extensivo, atopámolas coas ubres estragadas pola mamite, xa que a proliferación de moscas aumenta os contaxios. Sacrifiquei moitas a partir do terceiro parto e xa é un problema xeneralizado na comarca”.


Samuel Formoso,
Bóveda (Vilar de Barrio)

FONDOS EUROPEOS ▸ A Comisión Europea e o Ministerio de Agricultura abren as portas para que absentistas e caza-primas sigan ingresando estas axudas agrícolas

Cambio na PAC: quitan a esixencia de ter o 20% dos ingresos da agricultura

A decisión posibilita que sigan cobrando 900.000 persoas que xa cobraban, cando no Estado só hai 350.000 cotizantes agrarias

O Consello de Ministros e Ministras do 19 de decembro aprobou unha modificación da Política Agraria Común (PAC) que abre a porta para que sigan a cobrar estas axudas persoas e entidades que nada teñen que ver coa agricultura como terratenentes, absentistas, caza-primas, etc. Nas negociacións da PAC, un dos cabalos de batalla do SLG e as organizacións que formamos parte da COAG, foi que estes fondos da Unión Europea -máis de 37.000 millóns de euros- se repartan só entre labregos e labregas. Aínda que non acadamos as nosas demandas, si forzamos a que o Ministerio e as comunidades autónomas acordasen esixir que quen cobrase as axudas da PAC tivese un mínimo do 20% dos seus ingresos provenientes da actividade agraria e, en caso das granxas pecuarias, estar no Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA) e ter unha carga mínima (1'3 animais por hectárea en ovino e caprino, e 1 por cada 5 hectáreas en vacún).

A pesares de ser uns requisitos moi pouco esixentes, a última hora, o Ministerio de Agricultura introduciu dúas modificacións: a primeira, que poidan cobrar as axudas solicitantes que non teñan ingresos por actividade agraria pero que xustifiquen o coidado e mantemento das súas terras e, a segunda, que poidan acceder incluso quen non teña esa mínima carga gandeira se o xustifica. Desta maneira, volverán ter acceso ás axudas da PAC as 900.000 persoas e entidades que se viñan beneficiando até o de agora dela, cando só 350.000 cotizan como agricultores ou agricultoras no conxunto do Estado.

A Comisión Europea devolve o PDR galego por conter graves erros e o SLG pide explicacións á conselleira

O 11 de novembro, a Comisión Europea devolvía o Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 presentado pola Consellaría de Medio Rural e co que se van administrar 890 millóns de euros. Dende Bruxelas, fixéronse 400 observacións, sinalando entre elas erros graves. No Fouce 303 (páxs. 15-17) faciamos unha fonda análise de como a Consellaría de Medio Rural desbaldiu boa parte destes fondos no PDR 2007-2013 e presentabamos un resume das nosas propostas ao respecto.

Agora, diante do rexeitamento da Comisión, o SLG solicitou formalmente á conselleira, Rosa Quintana, unha xuntanza urxente para que dea explicacións e para que sente cos axentes do sector de cara a chegarmos a un PDR 2014-2020 de consenso e útil para o medio rural galego. Respecto da nosa valoración como Sindicato Labrego destes feitos gravísimos na xestión da PAC e do PDR, é o tema central do editorial que podedes ler na páxina 4 deste Fouce.

VIÑO ▸ Organizadas polo SLG e o Concello de Castrelo de Miño, continuarán en xaneiro cun curso de extractos vexetais

VIII Xornadas de Viticultura Natural e Biodinámica

O Sindicato Labrego Galego e o Concello de Castrelo de Miño organizamos, o 11 e o 12 de decembro, as VIII Xornadas de Viticultura Natural e Biodinámica, que de novo volveron estar dirixidas polo enxeñeiro agrónomo André Rodrigues Henriques da Silva. Segundo relata o responsable da Dirección do Viño do SLG, Bernardo Estévez, desta vez as xornadas estiveron moi orientadas "a pór en práctica os coñecementos adquiridos os pasados anos, estando o primeiro día centrado ao redor do solo, e o segundo nos traballos de fitosanidade e nutrición da parte foliar da vide". Para Bernardo foi, sen dúbida, "unha das formacións mais intensas e aproveitables das que temos organizando no Ribeiro, grazas á gran capacidade de transmisión de coñecementos de André que, segundo moitas das e dos asistentes, foi impresionante e, sobre todo, aplicable e sinxela".

Sen dúbida, tamén contribuíu ao éxito das xornadas a posibilidade de quedar a durmir no albergue do Náutico de Castrelo de Miño, que cedeu de xeito gratuíto o concello. Este feito deu pé a que, ademais da formación, se crease " un ambiente de intercambio de experiencias e, como non, de viños". Dende este punto de vista, Bernardo Estévez destacou a implicación do Concello de Castrelo, gobernado polo BNG e, en especial, a de Alfredo Fernández, tenente de alcalde, amais de colleiteiro e afiliado ao SLG. Estas xornadas completaranse cun curso de elaboración de extractos vexetais para a viña en xaneiro.



A oitava edición das Xornadas de Viticultura Natural serviron para poñer en práctica os coñecementos adquiridos nas que se celebraron o ano pasado

MONTES ▸ Aqueles que carezan deste documento, non poden pedir subvencións dende febreiro e, en 2019, non se lles darán autorizacións para facer aproveitamentos

Os montes sen un instrumento de ordenación non poden solicitar axudas

Con máis de 25 hectáreas, débese redactar proxecto; e, en superficies menores, un documento de xestión ou modelo silvícola

Tal e como publicamos en anteriores Fouces (295 e 299) a Lei de Montes de Galicia supuxo unha nova normativa para tódolos terreos de monte do país. Esta lexislación contén unha nova redacción ao respecto, así como partes que proveñen de trasladar artigos da lei estatal, con matices.

Ao longo do ano 2014 publicáronse no DOG, e entraron en vigor, dous decretos e unha orde que veñen desenvolver a Lei de Montes:

- Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.
- Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.
- Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

Este regulamento supón unha serie de obrigas para propietarias/os de montes que recordamos a continuación.



O Sindicato Labrego Galego está a celebrar asembleas informativas para asesorar as comunidades veciñais sobre as obrigas que trae canda si a nova Lei de Montes

■ ORDENACIÓN

Tódolos montes e terreos forestais teñen que ter un instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio antes do fin do prazo estipulado na Lei 43/2003 de Montes. Cando a propia lei estatal permitía que quedasen exentos os montes con superficie inferior ao mínimo determinado polas comunidades autónomas de acordo coas características do seu territorio forestal.

Isto supón que, para os montes que non teñan este documento, dende febreiro do 2014 xa non poden optar a axudas que teñan parte dos orzamentos do Estado e, a partires de febreiro de 2019, non se autorizará ningún aproveitamento no monte.

As categorías dos distintos instrumentos son:

- **Proxectos de ordenación:** Tódolos montes públicos e aqueles privados (montes veciñais en man común; Montes de varas, abertais, de voces ou de fabeo; montes particulares) que teñan máis de 25 hectáreas.
- **Documento simple de xestión:** Montes privados de 25 hectáreas ou menos.
- **Documento conxunto de xestión:** Montes particulares dun conxunto de persoas propietarias onde ningunha superficie dunha mesma persoa propietaria supere as 25 hectáreas en couto redondo.
- **Documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos:** Montes privados de superficie igual ou inferior a 15 hectáreas.

Que son os modelos silvícolas?

A Consellaría do Medio Rural publicou 22 modelos silvícolas entre os que poderán escoller os propietarios e as propietarias forestais que opten por esta opción. Entre outros, hai dous modelos para o piñeiro do país, dous para o piñeiro insigne, dous para o eucalipto, dous para o castiñeiro, un para o carballo ou un para sistemas silvopastorais (produción de madeira e pastos).

Os modelos silvícolas indícannos, dependendo do caso, dende as comarcas onde se poden aplicar, até a idade á que se deben cortar as árbores, pasando pola densidade de plantación, o momento en que hai que facer rozas ou podas, as variedades de castiñeiro que se poden enxertar para froito, a necesidade de peche ou a carga gandeira no caso dos silvopastorais.

En tódalas parcelas de monte que teñan menos de 15 hectáreas haberá que optar por un destes modelos silvícolas. Dende o Sindicato Labrego Galego, cremos que se trata dunha medida desproporcionada, debido á superficie que teñen a maioría dos terreos de monte, nos que se fai inviable a aplicación destas técnicas e nos que non se pode considerar a existencia dunha explotación forestal senón un complemento da actividade agrícola e gandeira asociado á economía familiar. Ademais, pasouse do extremo de non realizar ningún labor de extensión forestal, achegando ás produtoras e aos produtores as distintas técnicas para mellorar a produtividade dos montes, a impoñelo agora como obriga.

Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego trasladamos e solicitamos á Consellaría de Medio Rural, en varias ocasións, a necesidade de establecer un mínimo de superficie na que os terreos queden exentos de contar cun instrumento de ordenación ou xestión forestal. Até o momento, tódalas repostas foron negativas.

SEGUE ▸

A lei regula tamén os aproveitamentos







■ **MADEIRA, LEÑA e CORTIZA**

Faranse, de xeito xeral, mediante:

- **Autorización:** Aqueles que se executen en terreos que non conten cun instrumento de ordenación ou xestión forestal ou non estean previstos neste.
- **Notificación:** Aqueles previstos nun instrumento de ordenación ou xestión forestal.
- **Comunicación:** Os de uso doméstico, aqueles que se realicen nunha zona de expropiación ou os de obrigada execución (distancias de forestación, pragas, etc...)

Mentres non se teña o instrumento de ordenación ou xestión forestal, haberá que presentar un plan de cortas naqueles casos nos que a masa forestal supere 1 hectárea para especies do Anexo I* e 15 hectáreas para o resto de especies.

Quedan exentas de realizar calquera trámite previo as cortas de saneamento, rareos, podas e demais tratamentos silvícolas.

Trala corta, o/a propietario/a está obrigado á extracción ou trituración dos restos (agás por dificultades de mecanización, e deberá ser autorizado), a comunicar o volume ou peso final aproveitado se supera nun 15% ó inicialmente aprobado e a renovar a masa arborada nun prazo máximo de dous anos.

■ **APROVEITAMENTO MICOLÓXICO**

No tocante á regulación da actividade micolóxica, ademais de detallar as correctas medidas de recolección (con navalla, en cestos e sen destruír o entorno e outros exemplares de cogomelos), créanse tres categorías de recollida:

- **Aproveitamento para consumo propio:** Recollida de cogomelos de calquera especie permitida ata un máximo de 2 quilogramos por persoa e día, sempre que sexan silvestres e non produto de plantación ou de micorrización.
- **Aproveitamento comercial:** Recollida de cogomelos de calquera especie sempre que supere a cantidade de 2 quilogramos por persoa e día. Precisará de autorización das persoas propietarias dos terreos.
- **Aproveitamentos con fins científicos e didácticos:** Deberá acreditarse con anterioridade e poderanse recoller ata 5 unidades representativas por especie.

Tamén se abriu a posibilidade de que a persoa titular regule o acoutamento deste tipo de aproveitamentos, mediante o instrumento de ordenación ou xestión forestal ou a través de comunicación á consellería. Nestes terreos, tódalas categorías de aproveitamento deberán contar con autorización e terase que sinalar o perímetro da zona acoutada empregando sinais coa seguinte inscrición en letras maiúsculas: "Aproveitamento micolóxico restrinxido. Prohibida a recollida de cogomelos sen autorización da persoa propietaria ou xestora".

■ **APROVEITAMENTO SILVOPASTORIL**

O aproveitamento de pasteiros nos montes ten que estar regulado no instrumento de ordenación ou xestión forestal e as persoas que realicen dito aproveitamento deberán contar coa autorización expresa da propiedade (no caso de montes veciñais en man común, acordo da asemblea xeral). Ademais, as parcelas dedicadas a pastoreo terán que inscribirse no rexistro público de terreos forestais de pastoreo.

Mentres non se teña o instrumento de ordenación ou xestión forestal haberá que presentar un plan de aproveitamento silvopastoril que deberá conter datos de localización das parcelas, superficie de pastoreo e plano da mesma, prescricións técnicas do aproveitamento e características do gando, cargas gandeiras, actuacións planificadas e responsables do aproveitamento.

Queda prohibido o pastoreo en tódolos montes que resulten afectados por incendios forestais, nun prazo mínimo contado desde a data en que se produza o incendio ata o 31 de decembro posterior á data en que se fagan dous anos deste e até que as adecuadas condicións de restauración da masa arborada, se é o caso, o permitan. Agás casos excepcionais acreditados que precisarán de autorización.

No Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo inscribiranse de oficio como zonas prohibidas, as superficies queimadas naquelas parroquias definidas como de alta actividade incendiaria.

Dende o Sindicato Labrego Galego xa expuxemos que esta medida supón unha criminalización da actividade gandeira ó presupoñer que esta é un factor de risco nas causas dos incendios forestais. **FIN** ■

*As especies arbóreas ás que ser refire o anexo I son as seguintes: **Coníferas:** piñeiro silvestre e teixo. **Frondosas:** Ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, freixa, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, ulmeiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

RECORTES EN SANIDADE ▸ O Partido Popular adiará aínda máis a prestación de radioterapia e medicina nuclear

O hospital Lucus Augusti terá hemodinámica para atender infartos de 8 a 3

Quen sufra un ataque ao corazón na provincia e precise deste servizo para salvar a vida fóra de hora, terá que ir a Coruña



A provincia de Lugo segue sen ter servizos sanitarios básicos como hemodinámica as 24 horas do día ou radioterapia para facer terapias contra o cancro

O Sindicato Labrego Galego apoiou publicamente a iniciativa lexislativa popular (ILP) presentada pola Federación de Asociacións Veciñais de Lugo na que se pedía a a implantación dos servizos de radioterapia, medicina nuclear e hemodinámica no Hospital Lucus Augusti as 24 horas do día. Como xa temos denunciado noutras ocasións, as persoas que vivimos nas comarcas máis afastadas dos principais núcleos urbanos somos as que padecemos as peores consecuencias desta carencia sanitaria na provincia de Lugo (ver Fouce 297).

A pesares de ter recompilado 42.000 sinaturas, esta ILP semella non importarlle moito ao Partido Popular, que decidiu aplicarlle tamén a ela a súa política de recortes. E é que o PP aceptou a iniciativa pero emendada, de tal maneira que pouco ten que ver coas demandas orixinais dos e das lucenses. En concreto, adían aínda máis a implantación de medicina nuclear e radioterapia, e ofrecerán servizo de hemodinámica -indispensable para atender infartos- de 8:00 a 15:00 horas. Prestar servizos sanitarios dos que dependen a vida das persoas só durante 8 horas ao día, como pretende facer o PP agora, supón unha burla para os miles de persoas que apoiamos a ILP e segue poñendo en grave risco a vida dos e das pacientes que sufran infartos fóra das horas de atención médica en hemodinámica. En canto ao novo adiamento para dotar con radioterapia e medicina nuclear, cualifica perfectamente a validez da palabra dada polo Presidente da Xunta, que prometeu dotar con estes servizos ao hospital en 2011, e o seu desprezo cara os e as 42.000 lucenses que lle esiximos cumprir esas promesas.

Dende o SLG, seguimos reclamando a implantación dos servizos de radioterapia, medicina nuclear e hemodinámica de xeito inmediato e durante as 24 horas, pois entendemos que o dereito á saúde das persoas debe ser universal e non prestado só en horario de oficina, no mellor dos casos, como acontece no Hospital Lucus Augusti.

SERVIZOS ▸ Unha mala xestión pode deixar sen estas instalacións ao rural

O SLG reclama solucións para a piscina municipal de Vilalba



O SLG implicouse nas demandas pola piscina de Vilalba por serun servizo amplamente utilizado pola xente do rural chairego

O Sindicato Labrego Galego participou activamente na demanda de solucións aos problemas da piscina municipal de Vilalba, xa que se trata dunha instalación deportiva usada por moita xente das parroquias de tódalas idades, especialmente polo alumnado da Terra Chá que vén de localidades rurais como Meira, Pastoriza, Muimenta, Cospeito, Abadín, Guitiriz ou Román.

En primeiro lugar, o SLG reclamou a través dunha instancia explicacións ao alcalde de Vilalba, Gerardo Criado, sobre a situación insostible da piscina, xa que a empresa adxudicataria do servizo está en fase de concurso de acredores dende setembro, ao tempo que o cadro de persoal que xestiona as instalacións leva máis de medio ano sen cobrar o seu salario. Por iso, preguntámoslle ao rexedor por que non rescindiu o contrato coa empresa adxudicataria por incumprimento das súas cláusulas, tal e como xa teñen feito outros municipios en situacións semellantes. A maiores, dende o SLG tamén apoiamos a concentración e cazolada de protesta convocada polas persoas usuarias da piscina diante das súas instalacións, o 19 de novembro.

COMERCIO XUSTO ▸ Nova edición desta experiencia para concienciar sobre o acto de mercar na véspera do Nadal

Mercado transparente en Pontevedra da man de Amarante e do SLG

Ademais, celebrouse unha palestra para dar a coñecer experiencias de comercialización directa noutras comarcas galegas

Amarante Setem e o Sindicato Labrego Galego volvemos organizar unha nova edición do mercado transparente de Pontevedra para chegar á cidadanía outro xeito de producir e consumir máis respectuoso co medio ambiente e coa saúde das persoas nunhas datas marcadas polo consumismo de Nadal.

Amais do mercado, que se celebrou o 13 de decembro na praza da Ferrería; organizamos unha táboa redonda sobre experiencias de mercados locais en varias comarcas galegas, que tivo lugar na Casa das Campás dous días antes, o 11 de decembro. No mercado, houbo dez postos onde se venderon dende alimentos producidos por labregos e labregas da bisbarra, até produtos do comercio xusto e stands de organizacións sociais. Tódalas actividades estiveron acompañadas pola música do grupo "Os Chichisos"



Un ano máis, labregos e labregas de Pontevedra venderon alimentos no Mercado Transparente xunto a postos que ofertaban produtos do Comercio Xusto


Emilio Carral e Xoán Carlos Carreira atrevéronse a rachar coa falsa imaxe de atraso asociada ao minifundio e á agricultura labrega, na que ven o futuro do noso agro

CULTURA ▸ Escrito por Xoán Carlos Carreira e Emilio Carral, afonda nun modelo agrario alternativo ao intensivo-industrial

Un libro estuda o potencial da agricultura labrega na Galiza

Através Editora vén de publicar *"O Pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: O caso galego"*, escrito por Xoán Carlos Carreira e Emilio Carral. Segundo a propia editorial, esta obra responde a preguntas como: Cal é o papel da agricultura a pequena escala? No século XXI, o minifundio segue a ser un problema para o desenvolvemento agrario da Galiza ou, dalgún xeito, é unha agricultura de precisión?

Para quen queira saber máis do tema, no Fouce 301 publicamos o artigo "*A agricultura invisíbel*", de Xosé Carlos Carreira, onde tamén se fala desta cuestión. O libro pódese atopar en librarías do país comprometidas coa edición en galego.

Podedes atopar o directorio de librarias en www.atraves-editora.com/onde-comprar/

SEGUROS AGRARIOS ▸ Esta compañía aseguradora con sede en Valencia sortea cada mes un seguro gratuíto

Unha gandeira focense gaña unha póliza de Agromutua

Mari Carme Friol Rodríguez vén de gañar unha póliza gratuíta para asegurar a explotación leiteira que rexenta na parroquia de San Martiño, en Foz (Lugo). O premio veu da man da compañía Agromutua, que sortea cada mes unha póliza entre as persoas que lle teñan contratado un seguro agropecuario. No caso de Mari Carme Friol, devolveránlle os case 400 euros que pagara por contratar un seguro da liña 102 B, que lle cobre accidentes, partos con garantías adicionais xerais de saneamento e enfermidades que poidan contraer as súas reses.


Mari Carmen rexenta unha explotación leiteira no lugar de Xinzo (San Martiño, Foz)









Cinco columnas das Marchas da Dignidade confluíron na praza do Obradoiro o 29 de novembro (arriba). O Sindicato Labrego Galego tamén participou activamente, integrado na Columna Norte que partiu de Salgueiriños e da que podemos ver a cabeceira e un detalle nas fotografías de abaixo. Na páxina seguinte, instantánea tomada durante a lectura do manifesto por Roberto Rivas.

MARCHAS DA DIGNIDADE ▸ O 29 de novembro miles de persoas ocupamos a praza do Obradoiro en protesta contra as políticas de recortes da Xunta e do Goberno do Estado

Polo teito, o traballo e o dereito a producir o pan dos galegos e das galegas

O SLG participou de xeito activo para denunciar a supresión de servizos que estamos a sufrir quen vivimos no medio rural

As Marchas da Dignidade volvemos mobilizar unha parte importante da sociedade galega, a de aquelas cidadás e aqueles cidadáns que nos estamos a rebelar contra a versión máis inhumana e salvaxe do neoliberalismo coa que nos tentan xunguir dende as diversas administracións e gobernos. Todo en nome dunha terxiversada e asasina austeridade coa que non estamos dispostos e dispostas a comungar.

Por iso, o 29 de novembro saímos á rúa da man de colectivos e organizacións que, coma o Sindicato Labrego Galego, non estamos dispostos a que nos arrebaten conquistas fundamentais que nos levaron séculos acadar coma o traballo ou o teito, coma o dereito das labregas e labregos de Galiza a producir o pan das galegas e dos galegos.

Nunha xornada que mesturou festa e reivindicación, contamos con voces sobranceiras da nosa cultura para retratar con palabra e música a indignación que nos enche. Co actor Candido Pazó como mestre de cerimonias, pasaron polas táboas do escenario Habelas Hainas, Mini e Mero ou Ataque Escampe, xeitos diversos de expresar e argumentar a mesma rabia de vermos cada día a inxustiza campar ás súas anchas alentada dende o poder político e financeiro. Mais a principal protagonista desta protesta foi a xente que ateigou as rúas de Compostela coas cinco columnas que asolagaron a praza do Obradoiro para expresar a súa indignación a través da voz de Roberto Rivas, o bombeiro da Coruña que se negou a colaborar no desafiuzamento da anciá Aurelia Sánchez hai ano e medio e que, un día antes, subiu con dous compañeiros ao tellado da casa dunha familia desafiuzada de Elviña para evitar o seu derribo por motivos especulativos. De seguido, compartimos con vós o manifesto:



Seguimos a padecer esta gran estafa provocada polo poder económico para manter os seus insultantes privilexios, unha crise usada como coartada polos seus sicarios, os gobernos europeos, que actúan como o que son, unha mafia sen escrúpulos que non ten reparos en cometer os crimes que sexan necesarios para manter contentos aos seus donos. Os gobernos europeos mentен, estafan, rouban e toman medidas contra as persoas porque non están ao servizo delas, están ao servizo das grandes corporacións que son as que logo lles facilitarán un cómodo retiro. Nós, a xente do común, temos que seguir a loitar contra estes criminais porque non podemos consentir que nos rouben o que é noso. Este sistema é ruín e perverso, e temos que loitar para cambialo.

O inimigo non é pequeno nin está pouco preparado. Trátase do poder económico, e non o poderemos derrotar se non nos unimos na loita a gran maioría das persoas deixando de lado as nosas diferencias, que son moitas menos das que nos pensamos. O poder económico ten a meirande parte dos medios de comunicación do seu lado, ten o poder policial, o militar, ten o coñecemento científico, a educación, a xustiza, o control do fluxo financeiro, e nós temos a nosa dignidade e unidade para poder derrotalo. Dicimos derrotalo, si, porque mentres non o derrotemos seguiremos a sufrir e a padecer os seus crimes. Non vai ser doado, non queremos ser triunfalistas, pero as Marchas da Dignidade amosaron cal debe ser o camiño, demostraron que derrotar ao poder é posible.

Non podemos permanecer calados mentres o goberno do estado agasalla con preto de douscentos mil millóns de euros aos bancos ao mesmo tempo que nos rouba dereitos en sanidade, educación, vivenda, traballo, servizos de emerxencia, pensións e xustiza. Non pode ser que o goberno teña a desvergoña de manter uns privilexios inxustos nas “elites” mentres temos máis de dous millóns de nenos e nenas en todo o estado español que pasan fame. Que clase de goberno é este que permite que os nenos e nenas pasen fame? Que clase de goberno é o que permite que os bancos boten á xente á rúa? É un goberno indigno, un goberno criminal e un goberno ilexítimo porque traballa contra as persoas do común, e é un goberno traidor porque está a vender o país a potencias estranxeiras. Nos está a deixar sen pan, traballo e teito, e non debemos nin o imos permitir. Temos a obriga de rebelarnos.

Regalan a empresas privadas o que é noso, trafican cos nosos expedientes sanitarios, déixannos sen ferrocarril, sen aeroportos, sen enerxía e negocian de costas ao pobo o tratado de libre comercio entre Estados Unidos e Europa para que as grandes multinacionais poidan facer o que se lles antolle, sometendo completamente á vontade popular aos seus intereses. Con este tratado, as multinacionais poderán denunciar aos gobernos se non logran os seus obxectivos, mentres que os tribunais que xulgarán estas denuncias estarán formados por comisións internacionais formadas por organismos como o FMI, Banco Mundial ou a Comisión Europea. Non negocian co pobo, negocian con multinacionais.

Levan por diante o medio ambiente, non lles importa o máis mínimo acabar con animais, plantas e ecosistemas enteiros. Queren facer na costa un muro de cemento e ladrillo, encher o mar de petróleo e estragar o máis prezado que temos que é a nosa terra, o noso entorno.

Non lles importa levar por diante enclaves naturais únicos, facer minas descomunais e perigosas ou autoestradas que destrúan paraxes tan importantes coma a da Ribeira Sacra do Sil. Destrúen a natureza e con ela o noso futuro e o da nosa descendencia. Temos un mundo finito e eles estano a estragar pensando que poden medrar sen fin, confirmando que non só son criminais, senón que tamén son imbéciles. Imbéciles, con tódalas súas letras, porque non se pode chamar doutro xeito a quen destrúe o medio no que vive.


Temos un paro xuvenil de máis do 50% e un presidente do Goberno que o considera un bo dato, temos máis de seis millóns de parados e nos din que estamos a saír da crise. Sentimos noxo e vergoña de ter un presidente que engane dese xeito ao seu pobo, un presidente indigno e ilexítimo manchado pola corrupción que chegou ao poder mediante o engano e a mentira. E segue a enganar e a mentir. Fronte á mentira, fronte a estafa do poder económico: dignidade e revolución.

A estratexia do poder económico é clara: crean unha crise e utilízana para que o pobo perda dereitos, e cando xa non os teñamos dirán que a crise rematou. Pero eses dereitos nunca volverán se non loitamos por eles, se non botamos fora do goberno a toda esta panda de mafiosos, corruptos e ladróns, se non facemos que o poder sexa do pobo e non das elites económicas. O 22M enchemos as rúas de Madrid para amosar a nosa dignidade, e hoxe estamos na praza do Obradoiro para loitar polo que é noso e para chamar a tódalas persoas para que loiten con nós para ter pan, traballo e teito. **FIN ■**

MINAS ▸ Un cambio normativo anula os dereitos de extracción da empresa canadense en Corcoesto ao tempo que o Concello de Triacastela deixa sen licenza á cementeira

A presión obriga ás administracións a pararlle os pés a Edgewater e Cosmos

A maiores, a Xunta crea un imposto para compensar as desfeitas das empresas mineiras que só afectará a unha mina de volframio



A canteira de Cementos Cosmos de Vilavella, en Triacastela, está a provocar un forte impacto visual e paisaxístico como se aprecia nesta imaxe tomada dende a rota francesa do Camiño de Santiago, a vía de peregrinación máis importante de Europa

O mes de novembro trouxo boas novas para os colectivos e persoas que loitamos contra a minaría salvaxe na Galiza. Por unha banda, a Xunta publicou novos regulamentos mineiros que impedirán que Edgewater siga adiante co seu proxecto de extraer ouro en Corcoesto; e, por outra banda, o concello de Triacastela deixou sen licenza a Cementos Cosmos.

En efecto, a comezos de novembro, coa Lei de Orzamentos de 2015, a Xunta introducía varias emendas relativas á lexislación da actividade mineira. A máis notoria, pola publicidade que se lle deu, foi a creación para 2015 dunha taxa para as actividades mineiras denominada Imposto Compensatorio Ambiental Mineiro (ICAM), seica para compensar as desfeitas da minaría na Galiza. Aínda que a patronal mineira escenificou o seu rexeitamento e a intención de emprender accións legais contra esta decisión, en realidade a letra pequena da norma fai que o ICAM ás penas teña consecuencias. No II Encontro sobre os Impactos da Minaría, celebrado o 8 de novembro, o experto en lexislación urbanística, Benedito Álvarez, explicou que "só se lle vai aplicar a actividades extractivas de ouro, prata, estaño, ferro ou níquel. Polo tanto, e segundo o censo mineiro, só hai unha mina en activo á que se lle pode aplicar: a de volframio en Santa Comba".

Incidindo no devandito, Benedito Álvarez destacou outra novidade normativa, e é que, a partir de agora, cando se denegue un proxecto mineiro, denegarase tamén de xeito automático o dereito de explotación, tanto no futuro como de xeito retroactivo. Isto é moi importante, pois até o de agora, a denegación dun permiso de explotación mineira non significaba a anulación do dereito, que seguía vixente até que caducaba. Isto afecta directamente a Edgewater, a quen lle foi denegado o permiso para extraer ouro en Corcoesto. Por ese motivo, e aplicando de xeito retroactivo a norma, Edgewater non só non obtivo autorización para abrir a súa mina, senón que perderá tódolos seus dereitos de extracción na zona.

Unha alcaldesa que aproba e defende unha licenza irregular para despois anulala

Finalmente, o Concello de Triacastela desestimou tódolos recursos presentados por diversos colectivos contra a licenza municipal outorgada a Cementos Cosmos seica "debido á anulación da licenza por falta de quorum". Ou sexa, que o Concello de Triacastela anulou a licenza antes de entrar a valorar os recursos de reposición contra ela, porque foi outorgada por ditado da Xunta de Goberno Local contra o seu propio regulamento, nunha sesión da mesma onde só estaban presentes a alcaldesa, Olga Iglesias Fontal, e o concelleiro Bautista Arias Pombo.

Nun comunicado, a plataforma contraMINAción criticou que "nun concello onde todo se fai irregularmente -cando non directamente de xeito ilegal- en constantes e preocupantes chapuzas administrativas, dánse situacións tan surrealistas como esta, onde se outorga unha polémica licenza con total arbitrariedade e todo tipo de irregularidades na súa tramitación e no seu cumprimento. Un bo exemplo destas irregularidades foi o feito de que o Concello de Triacastela permitise que a empresa Cementos Cosmos traballase sen respectar as medidas correctoras que eles mesmos ditaron e facendo caso omiso das denuncias por eses feitos. Para máis inri, a alcaldesa, Olga Iglesias, botou varios meses defendendo nos xornais que a licenza foi outorgada «axustándose estritamente á legalidade» e, finalmente, ela mesma anulouna por non se axustar a nada, nin sequera ao funcionamento do seu propio goberno municipal".

POLÍTICA LEITEIRA ▸ Isabel Vilalba participou no Civil Dialogue Group on Milk, en Bruxelas, onde constatou a parálise da Comisión Europea ante a fin do sistema de cotas

Os gobernos seguen sen crear normas para garantir prezos dignos no leite

A Coordinadora Europea da Vía Campesina negouse a votar o nomeamento do presidente deste órgano consultivo

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou, o 19 de novembro, no Grupo de Diálogo Civil para o Sector Lácteo (Civil Dialogue Group on Milk), que se celebrou en Bruxelas convocado pola Comisión Europea. Isabel Vilalba formou parte deste grupo consultivo como unha das representantes da Coordinadora Europea da Vía Campesina, xunto a Nico Filippini e Philippe Collin.

Dunha sesión máis breve do habitual, a secretaria xeral do SLG destacou que se nomearon novos presidente e vicepresidente para que as cousas sigan coma antes. Respecto disto, Isabel Vilalba aclarou que "a presidencia e a vicepresidencia seguen ocupadas por representantes da industria e do comercio, e o sector industrial é, precisamente, o que está maiormente representado neste órgano consultivo para velar polos seus propios intereses, normalmente contrarios aos dos labregos e das labregas e da cidadanía. E o mesmo acontece coa nova Comisión Europea, cos gobernos e cos dous grandes partidos políticos que pactaron a súa composición. Todos traballan en complicidade para manter o status actual no que industrias e distribuidoras exercen unha posición de abuso e dominio na cadea comercial".



Isabel Vilalba Seivane representou á Coordinadora Europea da Vía Campesina no seo dunha delegación na que tamén estiveron o italiano Nico Filippini e o francés Philippe Collin

"O único obxectivo desta xente é garantir que as industrias sigan tendo materia prima barata"

No Grupo de Diálogo Civil achegáronse datos do sector que confirman o que todos e todas sabemos: que na Unión Europea tódolos países -agás Grecia- están incrementando a súa produción (unha media do 5'6%); que a supertaxa se vai aplicar con total seguridade de acordo coa lei vixente; que o veto ruso afecta ao 1,5% da produción leiteira europea; ou que mercados coma China, Rusia, Irán ou México seguen estancados, polo que non hai perspectivas de colocar o exceso de produción exportando. Agora mesmo, xa se están a dar desaxustes entre a oferta e a demanda, cun derrube paulatino do valor do leite que se vén producindo dende comezos de ano e que está a deixar ao meirande das explotacións con prezos por baixo dos custes de produción.

A pesares da gravidade da situación, que se agudizará a partir de abril de 2015 coa fin do sistema de cotas, a Comisión Europea segue sen tomar ningunha medida efectiva e sen impulsar ningunha acción lexislativa para solucionar este grave problema que ameaza un sector estratéxico para o medio rural de toda a Unión Europea e sen que os diversos gobernos estatais ou rexionais, como os do Estado ou a Xunta, fagan nada tampouco por evitalo.

"Os funcionarios da Comisión Europea", queixouse Isabel Vilalba, "rexeitan sistematicamente a necesidade de medidas efectivas para garantir prezos dignos para o leite. Estamos cansos e cansas desta xente que cobra, supostamente, por defender o interese xeral".

"Este problema semella non preocupar á nova Comisión Europea nin aos gobernos e partidos políticos que pactaron a súa composición", engadiu a secretaria xeral do SLG, "o único obxectivo desta xente é manter as actuais condicións de cara a garantir que a industria siga tendo materia prima barata para facer negocio, sen importar que iso poida supor a destrución de miles de postos de traballo ou o desmantelamento do tecido socio-económico en amplas zonas rurais".

En nome da Coordinadora Europea da Vía Campesina, Isabel Vilalba expresou as súas críticas e o seu rexeitamento á actitude suicida da Comisión Europea para co sector lácteo e, tanto ela como Nico Filippini e Philippe Collin, abstivéronse de votar os novos nomeamentos.

TERRA ▸ A eurodeputada de AGE, Lidia Senra, convocou a 55 persoas representantes de colectivos e organizacións en Bruxelas para pór en común loitas e estratexias

A loita contra o acaparamento de terras na Galiza chega ao Parlamento Europeo

O encontro tamén tivo a súa compoñente formativa coa análise dos procesos de denuncia ambiental nas institucións europeas





O Sindicato Labrego Galego estivo representado por unha ampla comitiva que expuxo problemáticas como o conflito con Erimsa na Terra Chá e Oroso, a toma dos nosos montes por parques eólicos, os impactos da central térmica de Meirama na parroquia das Encrobas, a carencia de terra agraria para producir alimentos, a forestación ilegal de leiras e praderías, etc.

Durante os días 10 e 11 de decembro, unha comitiva de 55 persoas vinculadas a colectivos e organizacións sociais galegas, varias delas do SLG, viaxou á sede do Parlamento Europeo en Bruxelas para participar nas xornadas *"As vías de acaparamento de terras na Galiza"*. A responsable desta iniciativa foi a eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), Lidia Senra, que con este evento quixo crear un espazo para poñer en común as diversas loitas en defensa da terra do noso país.

Unha das partes máis interesantes deste evento foi a posibilidade de afondar nos estudos de impacto ambiental (EIA), que son unha ferramenta clave e común a tódolos proxectos de acaparamento de terras que se dan na Unión Europea. Para iso, contouse coa participación dun integrante do gabinete xurídico da Comisión de Medio Ambiente da UE, David Fernández, que explicou en que consisten os EIA, obrigatorios na presentación de calquera proxecto para avaliar o impacto que a súa execución terá no entorno. Aínda que nun principio a intervención de David Fernández foi de tipo técnico, despois tivo lugar un interesante debate no que puidemos saber, por boca do propio técnico comunitario, que a Comisión de Medio Ambiente carece de medios humanos para inspeccionar se os estudos de impacto ambiental son fieis á realidade ou non.

A esta carencia de medios, únese unha normativa que fai dos EIA sexan, o meirande das veces, papel mollado. Así, dende diversos colectivos denunciouse que, no Estado Español, son as propias empresas executoras de desenvolver os proxectos as que encargan os EIA, polo que estes sempre son positivos. Outra estrataxema das empresas é dividir grandes proxectos que terían un enorme impacto, en moitos pequenos, coma se fosen distintas obras que, por separado, teñen unha menor repercusión no medio ambiente.

A acción social é indispensable diante da ineficacia dos estudos de impacto ambiental

Así as cousas, entre uns estudos de impacto ambiental manipulados a favor das empresas e institucións promotoras, e a falla de medios da Comisión de Medio Ambiente para fiscalizar as obras, faise indispensable a mobilización cidadá e a acción de colectivos sociais para plantar cara ao acaparamento de terras. Neste senso, as ferramentas máis efectivas de defensa da terra son a denuncia política, a introdución das diversas problemáticas nos debates parlamentarios e a sensibilización da sociedade a través de campañas mediáticas. Isto é así porque a vía da denuncia administrativa é un labirinto que rara vez chega á meta desexada.

A ineficacia dos informes de impacto ambiental e á falla de medios fiscalizadores da Comisión de Medio Ambiente, hai que engadir a lentitude dos procesos de denuncia. David Fernández explicou que, dende a Comisión de Medio Ambiente, só inician procedementos de infracción en casos de violación flagrante da lei e sempre que haxa probas irrefutables desa transgresión. Nese caso, sempre tentan negociar co estado no que se produce a infracción para que sexa o seu goberno quen paralice o proxecto, xa que a denuncia diante dos tribunais leva sempre a procesos xudiciais que poden durar moitos anos.

SEGUE ▸

Rebelión coral en defensa da terra



A delegación que viaxou a Bruxelas foi unha boa mostra de como a sociedade civil galega se organiza para enfrontarse á usurpación do noso territorio por parte de empresas sen escrúpulos e da propia administración que queren levar a cabo proxectos urbanísticos ou de explotación da terra moitas veces innecesarios, lesivos para as comunidades que os padecen e sempre moi lucrativos para quen os promove. De seguido, damos conta de todas estas voces que, dun xeito coral, falan de distintas resistencias que están a defender o mesmo ben: a nosa terra.

Plataforma pola Defensa de Corcoesto e Bergantiños. Falaron Francisco García e Braulio Amaro para explicar como a multinacional canadense Edgewater pretende extraer ouro en Corcoesto utilizando, para iso, cantidades industriais de cianuro, disolvendo toneladas de arsénico na auga coa súa actividade, e poñendo en perigo a saúde e o medio de vida de miles de persoas en Bergantiños.

A Mina ou Nós. En nome deste colectivo da Limia, que naceu para enfrontarse ao proxecto Faramontaos 5089.1, falou Maricarme Díaz Casas. Maricarme denunciou que a empresa mineira pretendía extraer feldespato en 1.400 hectáreas, das cales o 90% posúen un alto valor agrario e teñen recibido fortes investimentos públicos para facer concentracións parcelarias, obras de regadío, etc. Mentres que a mina ía crear 10 postos de traballo temporais, ameazaba con destruír máis de 200 empregos permanentes e moitos indirectos que dependen da actividade agraria, amais de contaminar as augas e destruír de xeito irreparable o solo. Finalmente, e grazas á forte contestación social, a Xunta denegou o permiso mineiro.

Comisión contra as Minas na Terra Chá. Dous gandeiros de Goá (Cospeito) viaxaron a Bruxelas para denunciar o impacto que tería a extracción de seixo nesta bisbarra por parte da mineira norueguesa Erimsa: Xesús María Vigo e Xosé Lois Cendán. Falou no seu nome a coordinadora do Sindicato Labrego Galego na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo.

Plataforma Cidadá contra a Autovía de Redondela. Beatriz Fervenza puxo voz a este colectivo nado no ano 2006 para oporse á confluencia de dúas autovías (A-57 e A-59) distanciadas por tan só 4 quilómetros, coas que se pretende crear unha alternativa gratuíta á Ponte de Rande. As obras ameazan con esnaquizar concellos como Pontevedra ou Redondela. Ademais, un novo proxecto vén sumarse a estas agresións: a ampliación da Ponte de Rande e da autoestrada A-9. No caso desta plataforma, a súa loita xurdiu contra a variante que pretende conectar o Aeroporto de Peinador coa autovía das Rías Baixas.

Plataforma Salvemos a Fracha. Do mesmo xeito que a agrupación de Redondela, este colectivo naceu da unión da veciñanza de Marcón (Pontevedra) contra o proxecto da autovía A-57, alternativa gratuíta e paralela á autoestrada AP-9. María Branca Barrio, en representación desta plataforma, denunciou que o proxecto separa as parroquias de Vilaboa, Figueirido, Bértola, Tomeza e Marcón do seu monte comunal, amais de apropiarse de boa parte do seu territorio. O trazado contempla partir en dous as ladeiras da Serra da Fracha, do Monte Loureda e do lugar de Pintos, na parroquia de Marcón, creando un ribazo que acadará até 60 metros de altura.

Comuneiros e Comuneiras de Cabral. A comunidade de montes da parroquia de Cabral, no entorno urbano de Vigo e con 7.000 habitantes, leva loitando dúas décadas para defender as 100 hectáreas mancomunadas propiedade da veciñanza. Santiago García e Antonio Carreira relataron un conflito no que hai importantes intereses de especulación urbanística e no que a xunta reitora da comunidade, dándolle as costas á parroquia, se aliou co concello e coas promotoras para tentar levar a cabo proxectos como prazas de touros, xeriátricos privados ou urbanizacións, que sempre tiveron en contra á maioría da veciñanza. Agora mesmo, o futuro desta do monte de Cabral está en mans dos xulgados.

Asociación Socio-Cultural O Iríbio de Triacastela. Violeta Núñez deu conta do grave conflito social xerado pola empresa Cementos Cosmos, que explota con total impunidade a canteira de Vilavella, situada en espazos naturais protexidos que forman parte da Rede Natura 2000, a carón do Camiño de Santiago e por riba dun dos xacementos arqueolóxicos máis importantes da Península Ibérica: a Cova de Eirós. A canteira atópase sobre cinco aldeas habitadas e os seus espazos agrícolas e destruíu, en tres décadas de actividade, 105 hectáreas de terras. Cementos Cosmos aínda ten dereitos sobre 360 hectáreas, co risco de expulsión de máis de 200 persoas e 50 explotacións de vacún.

SOS Caurel. Dende o colectivo courelao, Orlando Álvarez denunciou "a proliferación indiscriminada de canteiras e proxectos de canteiras por todo o espazo natural e a súa contorna inmediata, a plantación indiscriminada de miles de hectáreas de monocultivos de especies forestais pirófitas, resinosas e alóctonas, destruíndo especies e hábitats propios". Álvarez tamén denunciou "a ausencia total de medidas para a protección e recuperación de especies e hábitats en perigo e unha política forestal que favorece os incendios".

Movemento Ecoloxista da Limia. Dende a comarca da Limia, Xosé Manuel García fixo memoria da destrución planificada dunha comarca eminentemente agraria e gandeira, como era a Limia, para poñerlla en bandexa á agricultura industrial. Así, concentráronse as terras, desviáronse ríos e regatos, desecáronse lagoas, cuadriculáronse as propiedades, etc, deixando a infraestrutura perfecta para que aterrasen as granxas industriais de Coren. Aínda que ao comezo non deron moitos problemas, dende 1995 as granxas multiplicáronse, sendo cada vez máis grandes e orientadas, sobre todo, á produción avícola e de porcino. O resultado é que hoxe este sistema insostible produce 600.000 toneladas de zurros cada ano que non se sabe que facer con elas. As grandes balsas de zurros, totalmente insuficientes, filtran á terra, e as choivas arrastran o seu contido levándoo a ríos e encoros e contaminándoo todo. .

A defensa da Fraga de Catasós e do entorno do río Liñares, en Lalín e A Estrada. Segundo explicou Manuel Branco Casais, de Anova Deza-Tabeirós, unha liña de alta tensión de Fenosa que vai de Lalín a O Irixo ameaza un bosque centenario no lugar de Casas Vellas, na parroquia de Catasós, ao prever a corta de máis 2.000 árbores autóctonas. Preto de alí, n'A Estrada, a Cidade do Moble preténdese erguer a carón do río Liñares e sobre máis de 100 hectáreas de alto valor agrario.

SEGUE

Voces de montes, agras e escanos

En canto ás organizacións de ámbito galego, amais do SLG, tamén participaron a propia Alternativa Galega de Esquerda e a Organización Galega de Comunidades de Montes.

✓ **Sindicato Labrego Galego.** Falou en nome da nosa organización a secretaria xeral, Isabel Vilalba, que criticou "o desprezo total pola terra, polos sistemas agrarios tradicionais, polos nosos empregos e medios de vida". Isabel explicou que, na Galiza, "a media de terra á que podemos acceder os proxectos agrarios ou gandeiros non chega ás 8 hectáreas. Pouco en comparación coas 8.000 hectáreas que Erimsa pretende acaparar en Oroso ou coas 5.700 que quere coller na Terra Chá". Velaquí un dos principais atrancos para a incorporación de xente nova á actividade agraria: o acceso á terra. "É unha auténtica odisea para a mocidade facerse con terra para traballala. De feito, entre as persoas propietarias da terra, as menores de 30 anos só dispoñen neste momento dun 6 %".

Fronte ao argumento da xeración de postos de traballo co que as administracións e as industrias xustifican a expropiación e o espolio do noso territorio, a secretaria xeral do SLG replicou cos122.000 empregos recoñecidos no Plan de Desenvolvemento Rural de Galiza. E iso sen contar coa grande dimensión que ten a agricultura para autoconsumo no noso país e outras actividades vinculadas á agricultura e gandería".

Tamén falaron, a título individual, un labrego e unha labrega do SLG para denunciar casos de acaparamento de terras nas súas comarcas. María Pardo Barbeito rememorou a loita contra Fenosa nas Encrobas en 1977 e, máis de trinta anos despois, a súa particular batalla contra a central térmica de Meirama, que contamina impunemente o aire e os cultivos da zona.


Pola súa banda, Mariano Pazos denunciou a compra de grandes superficies de terra por parte de grupos inmobiliarios en varias parroquias da Baña. Desas terras beneficiábase até hai pouco a veciñanza, pois eran as que se destinaron a masas comúns nos procesos de concentración parcelaria tras ser doadas, no seu día, polos seus propietarios e as súas propietarias. Ao ser masas comúns, eran propiedade da cámara agraria local, o que lle permitiu á Consellaría de Medio Rural vendelas en varias poxas ás que acudiron grupos inmobiliarios da Coruña para mercar as mellores e especular con elas. Mariano Pazos tamén denunciou o enorme impacto que está a ter na vida e na profesión das familias labregas da zona o parque eólico de Cabanas.

✓ **Organización Galega de Comunidades de Montes:** Estivo representada por Claudio Quintillán, quen lembrou que o monte galego supón dous terzos de todo o noso territorio, e preto de dous millóns de hectáreas. Para dar conta da forte afección que os montes teñen en relación á ameaza do acaparamento de terras, Quintillán engadiu "aos problemas que xa había até o de agora, os xerados polas liñas eléctricas, gasodutos, antenas de comunicación, canteiras, explotacións forestais, parques eólicos, polígonos industriais, autoestradas, tren de alta velocidade, ocupacións por parte da administración, etc, o que implica para as comuneiras e comuneiros termos que estar asumindo retos constantemente".

✓ **Alternativa Galega de Esquerda:** O deputado no Parlamento Galego e tamén labrego, Antón Sánchez (imaxe inferior), foi un dos encargados de falar en nome da organización política anfitrioa. E fíxoo cunha intervención centrada nas modificacións lexislativas que está a levar a cabo a Xunta para amparar e legalizar o acaparamento de terras na Galiza. Antón explicou que " a lexislación aprobada e en vías de aprobación nesta lexislatura ten como obxectivo fundamental facilitar a entrada á explotación de recursos dentro do solo rústico que, a día de hoxe, representa o 90 % do territorio galego (...) Tamén están lexislando para eliminar a capacidade da cidadanía para decidir sobre a terra". En relación ás explotacións mineiras, o deputado galego sinalou que se están a modificar leis "para legalizar as explotacións mineiras existentes e dar entrada a outras novas dentro da Rede Natura (...) Hai unha prevalencia xeneralizada do emprego do solo rústico para usos mineiros, eólicos ou enerxéticos sobre o uso alimentario". Este último dato é máis que preocupante, pois na Galiza "gastamos unha media de 900 millóns de euros en alimentación importada cada ano".

Pola súa banda, a eurodeputada, Lidia Senra, valorou "moi positivamente" estas xornadas, xa que "permitiron poñer en contacto persoas que loitan contra inimigos comúns ao longo de todo o país e, deste xeito, reforzar a unidade entre todas e todos nós." Por outra banda, denunciou novamente que "as avaliacións de impacto medioambiental, tal e como se están a facer agora, son un coador" e reivindicou a necesidade de que a Comisión Europea faga valer esta ferramenta con seriedade, "ten que deseñar instrumentos para verificar que están facendo os gobernos correspondentes en cada momento cando dan unha avaliación por boa". "Ten que haber control e seguimento das avaliacións medioambientais, e a fonte de información da Comisión Europea non poden ser unicamente os gobernos, xa que temos a experiencia de que, en demasiadas ocasións, son parte interesada neste tipo de proxectos lesivos para a terra e que atacan ao noso territorio".

FIN ■





AGRICULTURA ECOLÓXICA ▸ A vocal do SLG no Craega foi invitada pola eurodeputada Lidia Senra, de Alternativa Galega de Esquerdas, pola súa ampla experiencia no sector

A labrega Elia Rodríguez, na Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo

Avogou por máis apoios para achegar os alimentos bio á cidadanía, e denunciou o exceso de burocracia e dificil acceso ás sementes



Elia falou como experta en agricultura ecolóxica diante da comisión parlamentaria

Co obxectivo de discutir varios aspectos do proxecto de novo regulamento relativo á produción ecolóxica e etiquetaxe de produtos ecolóxicos da Comisión Europea, a Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Parlamento Europeo realizou, o 3 de decembro, unha audiencia pública baixo o título *"O regulamento relativo á produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos"*. Alí estivo Elia Rodríguez Vázquez, labrega da Mariña que é vocal no Consello de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega). Elia foi invitada pola agora eurodeputada de Alternativa Galega de Esquerda en Europa (AGEe), Lidia Senra; quen, na súa responsabilidade como Coordinadora do GUE/NGL para a Comisión de Agricultura, apostou por ela como experta con máis de vinte anos de experiencia na produción ecolóxica de Galiza.

Dende AGE explican que Elia Rodríguez destacou entre todas as persoas expertas convidadas por achegar ao auditorio un discurso sincero e apegado á realidade. A vogal do SLG no Craega deu boa conta do posicionamento das labregas e labregos que realizan o seu traballo cunha clara conciencia do valor social que ten a produción alimentaria. En relación ás intervencións de expertos e deputados que sinalaban que un maior control da produción ecolóxica implicaría o encarecemento da mesma, Elia fixou firmemente a súa posición: "O consumo ecolóxico vai en aumento, polo que deberiamos incrementar a nosa capacidade de producir este tipo de alimentos, pero eu non quero producir para unha elite, senón para todo o mundo, e para iso precisamos ter máis apoio das institucións, para poder dar alimentación sa a toda a poboación".

Elia Rodríguez defendeu tamén a necesidade de camiñar cara unha agricultura sostíbel, "unha explotación ecolóxica mellora as calidades de vida do campesiñado, do medio ambiente, crea postos de traballo e fixa poboación no medio rural", abondou avogando pola necesidade dun "mundo rural vivo" que, ademais, "grazas ao establecemento dun maior número de labregas e labregos contribuiría a parar os lumes". "As explotacións ecolóxicas crean paisaxe e 'paisanaxe' ", resumiu.

En relación á valoración solicitada pola Comisión con respecto á afección das importacións de produtos ecolóxicos no territorio comunitario, demandou "os límites para estas importacións teñen que ser os mesmos que hai na UE", ademais "non debería ser tan difícil facer estes controis, xa que as exportacións non veñen de quilo en quilo", engadiu con retranca.

"A certificación ecolóxica debería ser un servizo público prestado polas institucións"

Elia denunciou tamén as dificultades para conseguir sementes ecolóxicas na Galiza e no Estado. "É difícil atopalas certificadas, hai que pedilas a outros países da UE, e temos o problema de que non están adaptadas ao noso territorio". Por iso, insistiu, "eu aposto porque se permita o intercambio de sementes entre labregas e labregos." Ademais, en relación á contaminación dos produtos, aseverou con contundencia "os cultivos transxénicos deberían estar totalmente prohibidos na UE se queremos unha agricultura sa".

En relación á grande carga burocrática á que se enfrontan diariamente as explotacións, Elia denunciou que, na actualidade, tanto na Galiza como no Estado "somos as produtoras as que temos que pagar a certificación, incrementándose, polo tanto, os custes de produción. Eu penso que isto deberíano facer as institucións, a certificación debería de ser un servizo público". E, en relación a este aspecto, "as pequenas explotacións terían que ser certificadas coma un todo, independente de que teñan animais e horta".

Pola súa banda, a eurodeputada de AGE, Lidia Senra, valorou "moi positivamente" a participación dunha labrega galega neste foro, xa que "aportou a súa experiencia directa, as reivindicacións e dificultades das pequenas e medianas explotacións". E, en relación á proposta de modificación do regulamento de produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos da Comisión Europea, sinalou que "a agricultura ecolóxica vai moito máis alá de fornecernos con alimentos sans, xa que temos que ter en conta que supón tamén unha ferramenta fundamental para loitar contra o cambio climático, polo que dende AGE consideramos que, a través desta normativa, se deben favorecer as producións labregas para os mercados locais e de proximidade".

CAMPAÑA ESTATAL PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE TRATO NO EIDO LABORAL DO SECTOR AGRARIO

TI PODES

PREVER OS RISCOS LABORAIS DAS TRABALLADORAS DO AGRO.

ENTENDE AS DIFERENZAS ENTRE SEXO E XÉNERO



O sexo determínao a natureza. MACHO/FEMIA

O xénero determínao a sociedade. HOMES/MULLERES



TI PODES



EVITAR ASIGNAR SEMPRE ÁS MULLERES O TRABALLO MONÓTONO E REPETITIVO



COÑECER OS DEREITOS NOS PERÍODOS DE MATERNIDADE E LACTANCIA



COMPARTIR AS TAREFAS DOMÉSTICAS



COMPARTIR A RESPONSABILIDADE CARA ÁS PERSOAS DEPENDENTES

Mais información:



O ACOSO SEXUAL É UN DELITO. DENÚNCIAO!

Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL
SECRETARÍA GENERAL DE INMIGRACIÓN Y EMIGRACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL DE MIGRACIONES

COAG
www.coag.org

REPRESIÓN ▸ Deste xeito, o Goberno pretende coartar a forte contestación social que están a provocar as súas políticas de recortes sobre servizos e prestacións esenciais

O PP aproba en solitario a Lei Mordaza para recortar máis dereitos e liberdades

A partir de agora, a policía asume funcións de xuíz e parte, podendo denunciar e sancionar con multas abusivas e sen xuízo

O Partido Popular aprobou, finalmente, a Lei Orgánica de Seguridade Cidadá, máis coñecida como Lei Mordaza, a pesares de ter en contra a tódalas forzas políticas do Estado. Fíxoo o 11 de decembro e tras maquillar lixeiramente o texto orixinal, pero sen renunciar ao seu espírito fortemente represor.

O peor desta lei é que converte en sancións administrativas o que antes eran faltas incluídas no código penal. Que significa isto? Significa que, a partir de agora, esas faltas poderán ser castigadas con multas pola propia administración, sen ter que pasar polos tribunais para exercer o noso dereito a defendernos e a ser xulgados por un xuíz ou unha xuíza.

Así, as faltas moi graves sancionaranse con multas entre 30.001 e 600.000 euros; as graves, entre 601 e 30.000 euros; e as leves, entre 100 e 600 euros. Á hora de denunciar, prevalecerá a palabra das Forzas de Seguridade sobre a palabra da(s) persoa(s) denunciada(s). É dicir, que a partir de agora a policía terá, ademais, a función de xulgar e condenar. Isto vese agravado por unha nova norma incluída na lei que prohibe gravar en vídeo ou tirar fotografías das forzas de seguridade, co cal se prohibe recabar probas en caso de excesos ou violencia policial; tampouco poderiamos obter fotografías ou vídeos para apoiar a nosa versión dos feitos e demostrar que temos razón se nos sanciona a policía.

Dentro da clasificación das faltas, inclúense varias que teñen por obxectivo amordazar e coartar as protestas sociais.

■ Serán **faltas moi graves** (até 600.000 euros):

- ✓ Manifestarse fronte a edificios onde se presten servizos á comunidade.
- ✓ Actos de acoso ou escraches a cargos públicos.
- ✓ Gravar a axentes das forzas públicas cando as imaxes atenten contra o seu dereito ao honor ou poñan en perigo a súa seguridade.

■ Serán **faltas graves** (até 30.000 euros de multa):

- ✓ A perturbación grave da seguridade cidadá en xuntanzas ou manifestacións fronte ás sedes do Congreso dos Deputados e das Deputadas, o Senado e os parlamentos das comunidades autónomas".
- ✓ Manifestacións non autorizadas ou alterar actos públicos e eventos deportivos e culturais se perturban esa seguridade cidadá.

■ Serán **faltas leves** (até 600 euros de multa):

- ✓ Faltarlle ao respecto a un membro das forzas e corpos de seguridade.
- ✓ Ocupar un inmoble ou vivenda, ocupar a vía pública ou escalar edificios ou monumentos sen autorización.

Coa combinación da elevada contía económica das sancións e a súa execución esixindo o inmediato pagamento, o PP pretende disuadir á cidadanía de exercer dereitos e liberdades fundamentais como o dereito de manifestación ou a liberdade de expresión.

A Lei Mordaza aplicada a diversas accións do SLG



O 5 de febreiro de 2003, un forte dispositivo policial impediu a unha tractorada da Limia entrar na cidade de Ourense. Cando foron pedir explicacións, a policía comezou a mallar na xente sen previo aviso. Os incidentes saldáronse con detencións e denuncias cruzadas entre a policía e o SLG. O 24 de xuño de 2004, a xuíz arquivaría a causa deixando sen cargos a policías e manifestantes. Coa Lei Mordaza, a policía podería ter imposto, sen xuízo previo, multas de até 30.000 euros por manifestación non autorizada, e 600.000 euros á xornalista que tomou as fotografías das agresións policiais.



O 13 de abril de 2011, o daquela conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, inauguraba un congreso sobre a auga en Compostela. Dende a Plataforma Galega contra a Lei de Augas, aproveitando a súa presenza neste evento, decidimos expresalle o noso desacordo coa polémica lei, pero sen marxe para pedir autorización. Aquel día fixémolo sen problema e diante da policía. Hoxe, coa Lei Mordaza na man, aquel acto podería ser considerado un escrache ou acoso a cargo público, castigado con multas de até 600.000 euros e unha propina de 30.000 por non pedir autorización.



O 28 de outubro de 2012, no contexto dun Encontro Anual da Secretaría das Mulleres, celebrouse unha improvisada manifestación con rolda de prensa diante do Parlamento de Galicia para denunciar a lenta e pouco eficaz aplicación da Lei de Titularidade Compartida, entre outras causas de desigualdade entre homes e mulleres. Aquel día, a policía do Parlamento pediunos cordialmente que fixeramos o acto na beirarrúa de enfronte. Hoxe, podería impoñernos unha multa de 30.000 euros por manifestarnos diante da asemblea lexislativa dunha comunidade autónoma.

Encontro Internacional de Mulleres ▸ Baixo o lema “Desafíos e loitas das mulleres da Vía Campesina no mundo” desenvolveuse este foro do 24 ao 26 de novembro

As mulleres da Vía Campesina reafirman en Porto a súa loita contra a violencia

A materia pendente da presenza feminina nos órganos de decisión das organizacións agrarias volveu ser tema de debate

Durante os días 24, 25 e 26 de novembro de 2014 celebrouse en Porto (Portugal) o Encontro de Mulleres da Vía Campesina Internacional, que congregou a labregas e representantes de organizacións de Francia, Bélxica, Italia, Portugal, Alemaña, Euskal Herria, Andalucía, Nepal, Corea, Mozambique, Tailandia, Angola e de varios países de todo o continente americano e do Caribe. Por parte da Galiza, participaron no encontro Isabel Vilalba, Margarida Prieto e Conchi Mogo.

O encontro serviu para valorar o traballo na área de mulleres das diversas organizacións da Vía Campesina dende a Conferencia Internacional de Iacarta, celebrada en xuño de 2013. Nese repaso, destacaron as actividades desenvolvidas na campaña “Basta de violencia contra as mulleres”, coa que dende a Vía Campesina queremos denunciar a violencia estrutural que sufrimos as mulleres e que é sistematicamente silenciada e invisibilizada en boa parte do mundo. Precisamente, un dos compromisos das participantes neste foro foi o de dar continuidade e reforzar esta campaña, con accións que denuncien o empeoramento das condicións de opresión, discriminación e da violencia contra as mulleres debido ás políticas de recortes e axustes que o neoliberalismo está a impoñer de xeito global.

Tamén se debateu sobre a necesidade de crear lazos de solidariedade e redes de apoio para as mulleres que están loitando para que esta situación cambie, contribuíndo á súa denuncia pública mesmo diante de institucións internacionais de dereitos humanos.

O encontro de Porto desenvolveuse baixo o lema "Os desafíos e as loitas das mulleres da Vía Campesina no mundo”. Ademais de reafirmarse no compromiso de seguir defendendo a agroecoloxía, a soberanía alimentaria, as sementes ou a terra; as participantes nas xornadas de Porto consideraron necesario a construción dun feminismo labrego e popular que recoñeza a diversidade das mulleres que forman parte da Vía Campesina en todo o mundo. Unha das materias pendentes sobre a que se debateu foi a necesidade de avanzar na participación das mulleres no seo das organizacións da Vía Campesina e nos seus órganos de decisión. “Traballamos arduamente sobre o tema de nosa propia articulación como mulleres labregas”, explicaron nun comunicado, “e consideramos fundamental que as mulleres esteamos presentes nas nosas organizacións. Para iso, debemos ter espazos propios, acompañados de formación política, ideolóxica e técnica, de cara a poder chegar a un proceso de empoderamento, tanto a nivel individual como colectivo”.



A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego simultaneou a súa participación no Encontro de Mulleres da Vía Campesina de Porto (arriba) coa participación activa nos actos do 25N, como a solta de globos simbólica realizada na cidade portuguesa ou os actos da Marcha Mundial das Mulleres na Galiza (páxina seguinte)

O feminicidio acada dimensións xenocidas no Salvador, Honduras e Guatemala

A violencia machista foi, sen dúbida, un dos temas centrais do encontro de Porto que, ademais, coincidiu coa celebración do Día Internacional para eliminar a Violencia contra as Mulleres. Con motivo desta data, a Vía Campesina emitiu un comunicado no que se denuncia a especial virulencia que ten este fenómeno en Centroamérica: “El Salvador sufriu a taxa máis alta de feminicidios no mundo, con 2.250 feminicidios entre 2010 e 2013; séguenos de preto Guatemala, en terceiro lugar, e Honduras, sétima. En Guatemala, só o 2% de asasinatos de mulleres foi investigado en 2013; en Honduras, esa porcentaxe é aínda máis baixa. Para os casos que chegan aos tribunais en Guatemala, o 90% dos acusados non son condenados. E o mesmo no Salvador. Só no 2014, entre xaneiro e outubro, máis de 300 corpos de mulleres novas entre 12 e 18 anos foron atopados en foxas comúns sen identificar”. Esta é a atroz radiografía dun xenocidio silenciado, a historia de “miles de mulleres e nenas que foron asasinadas e logo os seus corpos desbotados coma lixo en calellas e vertedoiros, decotío con signos de tortura, violación, ou mutilación xenital ou das mamas e con partes do corpo desmembradas”.Explica a Vía Campesina que “a epidemia aguda do feminicidio no Salvador, Honduras e Guatemala relaciónase cos patróns históricos da violencia e o abuso en América Central, onde os escuadróns da morte e as guerras civís deixaron un legado de violencia, intimidación e impunidade. Pero tamén está vinculado á historia predominante das normas patriarcais que existiron durante séculos en case tódalas sociedades do mundo que presumen que a muller é propiedade do home, quen se arroga o dereito a tratala ou eliminala de acordo ao seu capricho”. **SEGUE ▸**

A inutilidade das leis cando se aplican por unha xudicatura machista e patriarcal

Respecto á persecución desta lacra, "é difícil de aplicar con eficacia as propostas ou leis destinadas a eliminar a violencia, a explotación e o abuso das nenas, adolescentes e mulleres. No Salvador unha lei sobre feminicidio entrou en vigor en 2012, tras anos de loitas e mobilizacións. Esta lei contempla condenas de 20 a 50 anos de prisión, pero esixe que os xuíces establezan probas de que a morte dunha muller foi motivada polo odio ou o desprezo por razóns de xénero. O problema é que moitos xuíces non toman en serio o feminicidio e non fan fronte a este delito aplicando a lei correctamente".

Neste contexto, as mulleres da Vía Campesina seguirán a traballar na campaña mundial contra a violencia machista, e instaron ás organizacións que forman parte deste movemento labrego global a "emprender medidas activas, escribir peticións, enviar cartas e organizar protestas para presionar aos departamentos de xustiza dos gobernos dos nosos países de cara a poñer fin á impunidade e a encarcerar aos asasinos para facer xustiza".

A Marcha Mundial das Mulleres denunciou a situación con 7 manifestacións no 25N

Na Galiza, a Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, convocou varias manifestacións con motivo do 25 de novembro "para reclamar máis implicación social no fin do patriarcado e reivindicar o dereito das mulleres a vivir nun mundo sen violencia. Desta maneira, celebráronse concentracións en Vigo, Ourense, Fene, Compostela, Pontevedra, Vilagarcía e A Coruña.

O manifesto da Marcha para o 25N denunciou que, nesta beira do Atlántico, as estatísticas tamén son estremecedoras: "uns 13 millóns de mulleres na Unión Europea experimentaron violencia física. Esa cifra equivale a un 7% de mulleres con idades entre 18 a 74 anos. Calcúlase que 3,7 millóns de mulleres na UE experimentaron violencia sexual. Esta cifra equivale a un 2% de mulleres con idades de entre 18 e 74 anos. Na UE un 18% das mulleres foron obxecto de acoso a partir dos 15 anos. Estas porcentaxes representan que 9 millóns de mulleres na UE sufriron e sufrirán violencia machista".

A Marcha Mundial das Mulleres denunciou que "as mortes por violencia machista, por moi inexplicables que parezan, non son actos illados, fortuítos, senón que obedecen a unha cultura patriarcal no que as mulleres non teñen dereito a decidir sobre a súa vida. Son a reacción violenta de quen se cree posuidor dun ben, dunha propiedade, ou dunha escrava".

Non hai solucións doadas a un problema que precisa "cambios profundos, dado que o machismo está enraizado na nosa sociedade e non estamos facendo o preciso para desbotalo". Neste senso, non só exercen violencia os agresores, senón que son cómplices "os que propagan ideas e conceptos que perpetúan os valores patriarcais, os que lexislan en contra dos dereitos das mulleres ou non velan polo cumprimento integral das leis existentes, os que privan as mulleres dos recursos para a igualdade, e negan a utilidade das accións e políticas para a igualdade; os que actúan con hipocrisía ao resgarse as vestiduras cada vez que nos asasinan e nos insultan e desprezan privadamente e no ámbito público, en definitiva, os que nos tratan como obxectos e non suxeitos de dereito e cidadás. Por tanto promoven a violencia machista contra todas as mulleres, os organismos e institucións que dan azos á perpetuación dos valores patriarcais: ao valor da familia tradicional en que as mulleres só podemos ser nais, convertendo a maternidade no único fin social para o que sermos educadas; ao valor da sexualidade pasiva, para non darnos ocasión para exercer os nosos dereitos sexuais e reprodutivos; a impornos a heterosexualidade como único modelo sexual; ao intento de recluírnos no traballo dos coidados e no ámbito do privado, para impedir a autonomía económica das mulleres e a nosa participación social na toma de decisións".

Dende a Marcha Mundial das Mulleres sinalan como elementos que contribúen á violencia de xénero a eliminación dos contidos de ética e educación afectiva e sexual na escola, a reforma da Lei do Aborto, a tolerancia co tratamento machista das informacións referentes a violencia de xénero en moitos medios de comunicación, a indefensión e falla de dereitos básicos das mulleres inmigrantes, a permisividade coa explotación sexual das mafias e industrias da prostitución, etc. Diante disto, dende a Marcha Mundial das Mulleres esiximos que os poderes públicos e a toda a sociedade se impliquen e rachen coa indiferenza.







FORMACIÓN ▸ Organizada pola Universidade Rural Paulo Freire, levou a cabo un total de catro seminarios ao longo de 2014 nos que participaron unha vintena de persoas

A Escola de Acción Labrega forma xente moza para mudar o mundo dende o rural

Por parte do Sindicato Labrego, seguiron esta actividade formativa Daniel Rodicio Fernández e Lara Barros Alfaro

Durante todo este ano 2014, estivo desenvolvéndose unha Escola de Acción Labrega co obxectivo de formar xente moza que vive no rural e que está involucrada en organizacións sociais e agrarias. Trátase dunha experiencia impulsada pola Universidade Rural Paulo Freire (URPF) que xorde da necesidade de "formar novos liderados labregos nas organizacións que asuman e vivan en plenitude a esencia da loita por un mundo rural vivo e campesiño. Precisamos formar xente nova que se comprometa no seo das organizacións con zume renovado para axitar e remexer a realidade interna". E é que, para a Universidade Rural Paulo Freire, a formación é "unha ferramenta clave para asegurar a presenza, a permanencia activa e crítica e a incorporación de persoas militantes, en especial mozos e mozas, no conxunto das organizacións e movementos sociais e, en especial, nas organizacións labregas que cren que outro mundo é posible e necesario, e que se mundo debe ter rostro labrego".

Pola nosa banda, participaron nesta Escola de Acción Labrega de 2014, Daniel Rodicio, integrante da Dirección Nacional do SLG e titular dunha explotación cunícola n'A Bola (Ourense), e Lara Barros, coordinadora da nosa organización na comarca de Compostela. Ambos viaxaron até a Serra de Francia (Salamanca) para participar, entre o 28 e o 30 de novembro, no encontro final de avaliación.

Unha universidade nacida do III Foro por un Mundo Rural Vivo

A idea de fundar Universidade Rural Paulo Freire naceu no III Foro por un Mundo Rural Vivo, celebrado en Navares de las Cuevas (Segovia) en 2001 e organizado pola Plataforma Rural, e constituíuse legalmente como asociación no ano 2006. A URPF está inspirada nos movementos pedagóxicos rurais impulsados dende a Institución Libre de Ensino, as Escolas Labregas e o legado cultural do sociólogo brasileiro Paulo Freire; e a súa intención é contribuír a mudar o rumbo da sociedade dende os ámbitos da educación e do rural.

Dende a propia URPF, defínense como "o resultado dun proceso de resistencia e toma de conciencia do valor da cultura rural. Diversos colectivos e organizacións, de diferentes comarcas e rexións, que loitan por manter vivo o medio rural e as aldeas, a pesares da súa actual decadencia; por manter vivas as agriculturas, a pesares do seu constante desmantelamento trala imposición do modelo agroindustrial; por manter vivos os nosos ecosistemas, a pesares do seu galopante deterioro; e, sobre todo, por manter viva a crenza firme de que vivir no medio rural paga a pena".

Os catorce principios para unha Carta de Compromiso Labrego

O seminario da Serra de Francia foi o último dunha serie de catro encontros formativos de tres días de duración cada un, que se realizaron ao longo de todo o ano e cuxos contidos estiveron baseados na Carta de Compromiso Labrego, que compartimos con vós a continuación:

- **Un valor:** a ética por riba dos negocios.
- **Un compromiso:** coidar a terra, os animais, os ríos, as sementes, os bosques, os ecosistemas, á vez que se producen alimentos.
- **Unha función:** producir alimentos sans e nutritivos para a cidadanía.
- **Unha opción:** unha opción de vida antes que unha profesión. Vivir e manter as comunidades rurais e labregas alí onde produzamos os alimentos.
- **Unha cultura e unha técnica non neutral:** a agroecoloxía, a agricultura labrega e local.
- **Unha educación:** como práctica de liberdade que cre no suxeito social como fórmula para transformar a realidade e parta das experiencias propias da persoa dentro do seu contexto socio-político.
- **Un horizonte:** a construción da soberanía alimentaria, dende o local ao global.
- **Unha estratexia:** manter vivas as culturas e os coñecementos labregos para o manexo da terra, o gando, os ecosistemas, os alimentos, as plantas medicinais.
- **Unha táctica:** defender a terra para quen a traballa con orgullo, até que esta sexa de todos e de todas, ou de ninguén.
- **Un posicionamento firme e irrenunciable:** fronte aos cultivos e sementes transxénicas, fronte aos agrocarburantes, fronte aos desertos verdes, fronte á ocupación dos solos de cultivo para urbanizacións innecesarias, fronte aos grandes circuítos como autoestradas para favorecer o absurdo transporte de alimentos dunha punta a outra do planeta, fronte á agricultura industrializada e o uso de materias primas para a súa práctica.
- **Un inimigo:** o neoliberalismo.
- **Un método de loita:** a non violencia e a desobediencia civil.
- **Uns compañeiros e unhas compañeiras de viaxe:** os e as sen terra, os labregos e as labregas, os consumidores e as consumidoras, e tódalas persoas que cren que outro mundo é posible.
- **Unha proposta de futuro:** a Vía Campesina.

SEGUE ▸



por **Daniel Rodicio,**
membro da Dirección Nacional do SLG
e participante na Escola de Acción Labrega

Como formar aos labregos e ás labregas do século XXI? Unha experiecia útil e alternativa

A utopía neoliberal dun mercado puro e perfecto supón a destrución de tódalas resistencias colectivas. Conducirá a un mundo darwiniano onde todos loiten contra todos. Sen embargo, a transición a esta nova forma de liberalismo prodúcese de forma imperceptible, como a deriva dos continentes. Este discurso neoliberal, segundo Pierre Bourdieu, é tan difícil de combater porque dispón de tódalas forzas dun mundo de relacións de forzas que el mesmo contribúe a crear tal e como é.

O mundo labrego non alleo a estas forzas e o neoliberalismo ten ben engraxado o seu motor de transmisión cara a un modelo de agricultura e desenvolvemento rural, pois a agroindustria é a encargada de cumprir este papel. Esta decide como deben ser as sementes, as explotacións, a xenética, os insumos, a almacenaxe, os tratamentos farmacéuticos, os pragicidas, a distribución final, a transformación dos produtos, etc. Todo isto ben planificado e maximizando, claro está, os seus beneficios, pero non así a saúde da poboación, a rendibilidade das pequenas explotacións, o mantemento dos ecosistemas, o clima ou as xeracións futuras.

A mensaxe do neoliberalismo é clara: fronte a el non hai alternativa máis aló de fantasiosas utopías irrealizables. Así, o *"there is not alternative"* que preconizaba Margaret Thatcher converteuse en pensamento hexemónico e, cada día, son máis os que pensan que fronte á construción do mundo feita polas multinacionais non hai alternativas.

Construír alternativas, teorizar utopías reais, vernizar a sociedade de esperanza, empoderar labregos e labregas e consumidores e consumidoras, derrotar o medo, promover principios de xustiza, ser conscientes das nosas fortalezas, afirmar e exercer a hexemonía, ser máis fortes que os mercados e defender a democracia, son os desafíos aos que nos enfrontamos quen loitamos por derrotar a este sistema inxusto. Pero para que teña éxito o empeño é indispensable a formación, pois xa dicía Goethe: *"Non hai nada máis terrible que ver a ignorancia en acción"*.

> **"Construír alternativas, teorizar as utopías reais, vernizar a sociedade de esperanza, empoderar labregos e labregas e consumidores e consumidoras, derrotar o medo, promover principios de xustiza, ser conscientes das nosas fortalezas, afirmar e exercer a hexemonía, ser máis fortes que os mercados e defender a democracia, son os desafíos aos que nos enfrontamos quen loitamos por derrotar a este sistema inxusto."**

Esta foi, pois, a tarefa da "Escola de Acción Labrega", una escola creada por diferentes organizacións do estado que traballan pola soberanía alimentaria e levada a cabo durante todo este ano e na que participou o SLG: a tarefa de formar xente para que os labregos e labregas poidamos construír o noso futuro, pero baixo as lentes dos nosos propios intereses e non baixo os das multinacionais. A experiencia foi un éxito e amosounos a necesidade imperiosa de construír dende as organizacións que traballamos pola soberanía alimentaria este tipo de escolas, pois dótanos das ferramentas intelectuais e formativas indispensables para poder organizarnos a múltiples niveis e coñecer dunha maneira máis real o mundo rural e labrego.

Traballar en rede con outras organizacións irmás para construír unha escola -tanto interna e propia do SLG que nos axude a formar o mellor posible aos labregos e labregas da Galiza do século XXI, como externa que nos axude a visualizar e compartir experiencias e saberes doutras latitudes- propicia que xurda a creatividade, tal e como aconteceu este ano, e tamén que emerxan a esperanza e a fraternidade, necesarias para enfrontar esta loucura colectiva chamada neoliberalismo. É un xeito de construír dunha maneira intelixente, consecuente e eficaz as alternativas útiles que nos fagan máis libres, felices e que nos dean un pouco máis de sabedoría.

FIN ■

Cursos de incorporación ao agro en Ordes, Lalín e Compostela

O SLG empezará 2015 poñendo en marcha cursos de incorporación á actividade agraria nas comarcas de Compostela, Ordes e Deza. Mentres que o de Compostela estará centrado no sector hortícola, os outros dous estarán orientados ao sector lácteo. Os cursos terán 250 horas de duración, están homologados pola Consellaría de Medio Rural, e son obrigatorios para calquera persoa que queira incorporarse a unha explotación agraria.

Na impartición dos cursos imos reforzar a defensa do modelo agrario que perseguimos: producións autónomas (non hipotecadas) e que desenvolvan unha agricultura sostible. Nesta liña, darémoslle aos cursos unha orientación agroecolóxica, na procura tamén dunha revalorización do produto para conseguir que se remunere o traballo. Dende esta visión, abordaremos dúas especialidades: o vacún de leite (Ordes e Lalín) e a horticultura (Compostela).

Se desexas máis información ou inscribirte, podes chamar as nosas oficinas de Lalín (986 792 268), Ordes (981 682 908) ou Compostela (981 588 532)

LUGO: Cursos de manipulación de alimentos, riscos e incorporacións

O Sindicato Labrego Galego de Lugo desenvolverá, neste 2015, cursos de prevencións de riscos laborais no agro, manipulación de alimentos e incorporación de xente nova á actividade agraria. As persoas que estean interesadas en seguir algún destes cursos, debe facer a preinscrición chamando ao 982 231 154.

Axudas para alugar vivendas

Axudas para persoas inquilinas que teñan vivendas arrendadas no marco do programa Aluga en 2015. As solicitudes poderanse presentar durante todo o ano, sempre antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do programa Aluga. No caso de prórroga do contrato de arrendamento, a solicitude deberá presentarse antes do día 15 do segundo mes anterior ao do vencemento da vixencia do período inicial ou da correspondente prórroga do contrato de arrendamento. Máis información sobre os requisitos necesarios para optar a estas subvencións, nas oficinas do SLG

Renovación no Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias

As explotacións que queiran manterse inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias Prioritarias de Galicia deberán presentar unha declaración responsable de que cumpren os requisitos para ser consideradas prioritarias. **Neste 2015, teñen de prazo até o 19 de xaneiro**. A partir do ano que vén, haberá que facer a declaración dentro dos tres primeiros meses do ano, até o 31 de marzo. Para máis información, achégate á túa oficina comarcal do SLG.

Axudas para para paliar os danos provocados por ataques de lobos

Axudas para cubrir ataques producidos por lobos sobre o gando dende o 1 de outubro de 2014 ao 30 de setembro de 2015. Para poder solicitar estas axudas, hai que notificarlle o ataque á Consellaría de Medio Ambiente nun prazo de 24 horas, chamando ao teléfono 012, habendo 45 días de prazo para facer a solicitude despois da devandita notificación. Para os danos producidos entreo o 1 de outubro e o 9 de decembro de 2014, hai un prazo de 45 días naturais dende a entrada en vigor da orde.

Axudas para novas tecnoloxías, procesos e produtos nos ámbitos alimentario, agrícola e forestal

Poderán ser obxecto de subvención as seguintes iniciativas:

a) Iniciativas de cooperación que ofrezan saídas alternativas ou incrementen o valor engadido dos produtos agrarios e os seus transformados.

b) Iniciativas de cooperación que introduzan melloras ambientais en procesos e tecnoloxías de produción e transformación agroalimentaria.

c) Iniciativas de cooperación que permitan o desenvolvemento de fontes renovables de enerxía de orixe agraria e forestal en Galicia.

d) Proxectos piloto enmarcados nalgunha das iniciativas de cooperación enumerados nos apartados 1a), 1b) e 1c) do artigo 3 desta orde.

O prazo de solicitude remata o **23 de xaneiro de 2015.** Máis información, nas oficinas do SLG.

ASESORÍA PARA AS MULLERES DO RURAL.
Infórmate en calquera oficina do SLG

PUNTO delas

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

COLABORA: Secretaría das mulleres

PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Cisterna de xurro de 3.000 litros con documentación en Chantada.
☎687 806 352 (Xosé Manuel)

Véndense
-Vacas de leite e xovencas con carta xenealóxica e tódalas garantías sanitarias da ADSG de Mesía.
☎659 927 961

Véndense
-29 vacas de carne e un touro. Por cese de actividade. En Xermade.
☎620 364 344 982 501 074

Véndese
-Tractor Renault 133-54. Bo estado mecánico. 130 CV. Prezo: 8.500 €.
☎650 158 948 (Antonio).

Véndense
-Land Rover Freelander.
-Limpadora e muíño de tractor. No Corgo (Lugo).
☎648 718 864

Véndese
-Seat Marbella en bo estado. Zona Betanzos.
☎626 194 490

Véndese
-Pa para tractor Fiat (4 botellas dobre efecto con terceira función).
☎610 362 674

Véndese
-Camión de gando (PMA 3.500 kg) en bo estado.
☎628 579 310

Véndense
-Rolos de silo e herba seca do 2014. Na comarca do Deza.
☎647 777 498

Véndese
-Cuba de leite (tanque de frío) de 2.300 litros, marca Packo. Trifásica.
-Sala de muxir de 8 puntos marca Fullwood. En Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense
-Vacas bravas do monte.
☎626 442 294

Véndense
-Palas de arrastre con trácter, extractores e paneis de refrixeración dunha explotación de coellos.
☎678 747 591

Véndense
-80 Rolos de herba seca.
Zona de Baralla
☎630 906 599

Véndese
-Tractor Ebro 470 con dirección e dobre embrague.
☎667 469 962.

Véndese
-Máquina automática de sementar patacas de 2 regos.
-Máquina de cadea para sacar patacas de 2 regos.
-Máquina de selección de patacas con diversas reixas e distintos diámetros.
En Quintanas de Hormiguera (Palencia).
☎607 496 510

Véndese
-Trigo do país pasado pola limpadora.
☎981 694 702 (Xosé) Chamar de 13:00 a 15:00 ou de 20:00 a 22:00 horas.

Véndense
-Rolos de silo na zona de Lugo.
☎649 147 614

Véndese
-Peugeot 306 1.9 Diesel, en moi bo estado. No Corgo (Lugo).
☎696 097 979 (Toño)

Véndense
-Tractor John Deere 2140 con válvula de freo e cabina de protección.
-Tractor John Deere 6200 con dobre tracción, cabina de protección, válvula de freo, 20 marchas e bomba con caudal de 110 litros.Na Limia.
☎660 811 411

Véndense
-Noces ecolóxicas en Chantada.
☎657 805 731

Véndense
-Vaca e becerro de raza Rubia Galega. No Corgo (Lugo).
☎ 689 752 400

Véndese
-Pa FAUCHEUX con anclaxes, lista para montar en John Deere serie 40 ou 50 (2040, 2140, 2250, 2450, 2650, 2850). Ten 4 botellas, monomando e cazo.
☎600 688 543

Véndese
-Tractor John Deere 2035 en perfecto estado. 72 CV e simple tracción.
-Tractor Renault impecable de 95 CV e dobre tracción.
En Abadín (Lugo).
☎606 726 157 / 681 013 529

Véndense
-2 xugos para restaurar en Trazo (A Coruña).
☎646 216 622 (Manola)

Véndese
-Ringleirador Vicon de 4 rodas e 4,5 metros.
-Espelidor PZ de 5 metros e 4 tambores.
-Aboadora Vicon de 600 quilos.
-Sonsoladores de 5 ganchos con rodillo.
-Cisterna 3500 litros Coruxo con peche hidráulico.
-Autocargador de 28 metros cúbicos e 13 coitelas marca Tato con peche hidráulico.
-Sulfatadora de 400 litros e con 10 metros de ancho marca Fitosa.
-Debulladora de millo mecánica.
-Remolque para transportar millo 4.30 x 2.20 x 1.60, con grade para rolos.
-Vacas e xovencas.
Véndese todo por xubilación. en Moar (Frades).
☎981 695 542 / 648 118 865

Véndese
Explotación por abandono de actividade en Mahía, (Cambás, Aranga):
-Vacas de leite.
-Sala de muxido Gascoigne de 8 puntos.
-Tanque de leite de 1.600 l.
-18 cornadizas.
-1 silo de penso de 6.000 litros dividido en 2 cubas.
-Aboadora mecánica Brun de 800 quilos.
-Tractor John Deere 2.850 de dobre tracción.
-Remexedor de zurro.
☎608 551 543 / 981 793 513

Véndese
-Segadora marca Bertolini D.
☎671 857 097

Véndense
-Becerros e becerras de raza Rubia para recría. No Covelo (Pontevedra).
☎626 442 294

Véndese
-Rotoempacadora marca Morra 1200 especial.
☎981 787 679

Véndese
-Cisterna Comper de 3.000 litros, no Corgo.
☎659 341 116

Véndese
-Invernadoiro de 950 m2. Zona de Silleda.
☎659 256 190 (Lourdes).

Véndense
-Cachorros de mastín español auténticos.
☎626 194 490 (Paco).

Véndese
-Cisterna de 2.500 litros con documentación.
☎618 244 883

Véndense
-40 rolos de herba seca.
☎610 422 878

Véndese ou arréndase con dereito a compra
-Casa de labranza con historia en Marcón (Pontevedra) con 3.600m^2 de horta e viña, froiteiras, nogueiras e castiñeiros. A 1 Km. do casco urbano de Pontevedra.
☎607 947 795

Véndense
-Vacas.
-Uva mencía da Ribeira Sacra (colleita propia).
Zona de Portomarín
☎660 968 743 e 697 422 304

Véndense
-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095

Véndese
-Material de explotación de coellos por cese de actividade (Gaiolas, silos, extractores, tractor 100 horas…)
☎678 747 591 / 607 435 078

Véndense
-Xovencas frisoas próximas ao parto con carta. En Chantada.
☎699 638 399

Véndese
-Automóbil Audi A3 de 1999. Económico. Zona Compostela.
☎636 154 317

Véndense
-Rolos de silo.
☎981 793 197 / 639 435 273

COMPRAS

Búscase
-Invernadoiro de segunda man (800-1.000 m^2). Zona Compostela.
☎619 845 371 / 626 356 446

Mércase
-Cadeira de montar. En Vilamartin de Valdeorras. Preguntar por Sindo.
☎988 300 030 / 606 672 781

Mércanse
-Becerros de recria de 2 a 6 meses.
☎689 752 400

Mércanse
-Coleiras ou cangas para vacas.
☎638 067 100

Mércase
-Segadora de peites para tractor duns 2 metros de ancho.
☎988 44 20 57 (Andrés).

Mércase
-Semente de herba.
☎647 639 010 (Suso).

Mércase
-Invernadoiro de 2ª man.
☎661 333 837 (Alicia)

EMPREGO

Ofrécese
-Persoa para traballar en explotación gandeira. Técnico Superior en Industrias Agroalimentarias, con experiencia no manexo e muxido de gando de leite. Preferiblemente na provincia da Coruña e a xornada completa.
☎657 206 753 (María). Chamar entre entre 9:30 e 18:30.

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
016
Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.
Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

FOUCE 305
Novembro/Decembro 14
sindicato labrego galego
comisións labregas

Cristina Román Candamil ▸ Rexedora da Queixería Don Gabino

Cristina leva as rendas da queixería Don Gabino, na parroquia de San Simón da Costa (Vilalba), cun espírito renacentista que lle fai conxugar saberes tan diversos como a informática co xeito de elaboración herdado das súas avoas, ou o parrafeo en feiras coa exportación a países tan afastados como Noruega ou Emiratos Árabes. Se cadra todo iso confabulouse para que neste 2014, o ano no que colleu as rendas da empresa familiar, fose galardoada coa medalla de ouro ao mellor queixo de Galicia.

"Tentamos facer o mesmo queixo que elaboraban as miñas avoas"

✓ En primeiro lugar, parabéns pola medalla de ouro na Cata de Queixos de Galicia. É a primeira vez que levades un premio destas características?

Si. A nosa queixería fundouse en 1991, e nas dezaseis convocatorias anteriores da Cata non fora antes premiada. É curioso, porque seguimos a facer o mesmo queixo de sempre.

✓ E cal é ese queixo?

Aínda que temos outra tecnoloxía e producimos moita máis cantidade que no pasado, tentamos facer o mesmo queixo que elaboraban as miñas avoas. Elas sacaban un ao día, eu teño que facer corenta. Non é que sexa unha cantidade moi grande en comparación con outras queixerías, pero xa che obriga a mecanizar para poder dar feito. Mais o resultado final é un queixo moi semellante ao das miñas avoas.

✓ E non hai ningún segredo para acadar un resultado final merecente dese ouro?

Non. Simplemente, tentamos facelo o mellor posible. A materia prima é de primeira, con leite de calidade das granxas da zona, afumámolo con bidueira como se facía tradicionalmente, e pouco máis.

✓ O que me dixeches antes, vaia: o queixo das túas avoas. Se cadra, o único segredo é a tradición herdada.

Pode ser. Canda nena, lembro a unha das miñas avoas facendo queixos na casa, pero era pouca cantidade e para autoconsumo. Tempo atrás, antes de que eu nacese, as miñas dúas avoas elaboraban máis pezas para ir vender ás feiras. Elas facían os mesmos queixos que facemos agora, o San Simón afumado e o queixo plano do país, que vén sendo un Arzúa-Ulloa, aínda que ao estar fóra da área xeográfica desta denominación de orixe non podemos chamalo así.

✓ E como acontece ese salto dende as túas avoas a ti?

Como xa dixen, a queixería abrírona meu pai e miña nai en 1991. Recentemente, en marzo, tiven que facerme cargo dela porque meu pai tivo que xubilarse por motivos de saúde; Así e todo, eu sempre lles axudei no que puiden.

✓ Daquela, non se che fixo estraño o teu novo traballo.

Non. Na queixería, sempre fun eu quen se encargou do papelame e da xestión administrativa. A maiores, tamén era eu quen ía as feiras nas fins de semana, quen contactaba con novos clientes, etc.

✓ É dicir, que o de facer queixos é só unha das moitas tarefas que desempeñas.

E iso sen falar das clases de informática.

✓ Clases de informática?

Si. Antes de levar a queixería, daba clases de informática, e agora tento compatibilizar ambas actividades.

✓ Daquela, ¿eras informática antes de queixeira?

E tamén administrativa. Estudei as dúas especialidades, e o certo é que ambas disciplinas estanme a ser moi útiles. Eu mesma fixen a páxina web da queixería, e non teño problema para realizar trámites administrativos a través de Internet, algo que cada vez é máis necesario. Mesmo lle boto unha man a outras queixerías de San Simón con estas xestións.

✓ Antes, faláchesme das feiras e da busca de clientes. Foi moi difícil abrir mercados?

O proceso de comercialización do queixo non só foi difícil ao principio. Segue a ser difícil actualmente, cando o levas a lugares onde non o coñecen, pois a xente tende a confundir o San Simón co queixo de Tetilla. Dende este punto de vista, as feiras son moi útiles para dar a coñecer o produto, para que a xente poida degustalo e para poder falar directamente coas persoas. Ademais, as feiras tamén nos serviron para contactar con tendas ás que agora lles vendemos.

✓ Como ves o mercado dos queixos? ¿Está moi saturado ou podería ser unha boa saída para as explotacións que lle queiran dar máis valor ao leite que producen?

O certo é que hai moitas queixerías, mais penso que o noso é un sector que aínda non está moi explotado. A realidade é que na Galiza seguimos a mercar moito queixo que se fabrica fóra, polo que poderiamos producir máis, sen dúbida.

